

REGAP

REVISTA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Número
2

**ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

REGAP

2

REGAP: Revista Galega de Administración Pública.— Nº 0 (1992)— .—
Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1992—
v.; 24 cm.
ISSN:1132-8371
Depósito legal: C. 1.596-91



© 1991, ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA 1992

Edita: ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Polígono das Fontiñas, s/n. – 15703 Santiago
Tel.: (981) 57 08 00 / Fax: (981) 5722 45

Traducción e supervisión lingüística: Ana I. Boullón Agrelo
Ernesto X. González Seoane
Fernando R. Tato Plaza

Deseño Gráfico: Uqui  CEBRA

Imprime: Gráficas SEMENTEIRA, S.A.
Chan de Maroñas - Obre - Noia (A Coruña)

Depósito legal: C-1.596-91

Periodicidade cuatrimestral.
Solicitud de suscripcións á Editorial Galaxia.

A Escola Galega de Administración Pública non se identifica
necesariamente cos xuízos dos autores desta revista.

DIRECTOR

Xaime Rodríguez-Arana Muñoz
Director da EGAP

SECRETARÍA TÉCNICA

Constantino Alvarellos Galve
Letrado da Xunta de Galicia

CONSELLO

Juan José Bértolo Cadenas
Director Xeral de Xustiza e Relacións coas
Corporacións Locais

Belarmino Calaza Ramudo
Secretario de Administración Local

Juan Luís Castro Somoza
Avogado do Estado

José Ramón Cólera Leirado
Letrado Maior do Parlamento de Galicia

Andrés Faña Medín
Catedrático de Economía Aplicada da
Universidade da Coruña

Francisco Fernández Segado
Catedrático de Dereito Constitucional da
Universidade de Santiago

José Antonio García Caridad
Presidente da Academia Galega de
Xurisprudencia e Lexislación

Eloy García López
Catedrático de Dereito Constitucional da
Universidade de Vigo

Ramón García-Malvar y Mariño
Fiscal Xefe do Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia

Julio Gómez Fernández
Secretario de Administración Local

José M^o Gómez y Díaz-Castroverde
Maxistrado do Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia

Pablo González Mariñas
Profesor Titular de Dereito Administrativo da
Universidade de Santiago

Carlos Hernández López
Técnico de Administración Local

Jesús Martínez Girón
Catedrático de Dereito do Traballo da
Universidade da Coruña

Carlos Otero Díaz
Presidente do Consello de Contas de Galicia

Juan Ramón Quintás Seoane
Catedrático de Economía Aplicada da
Universidade da Coruña

Luis Rodríguez-Ennes
Decano da Facultade de Dereito de Ourense

José Carlos Salas Costas
Funcionario da Consellería de Sanidade

Francisco José Serna Gómez
Director Xeral da Asesoría Xurídica da
Xunta de Galicia

José Ramón Vázquez Sandes
Presidente do Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia

José Vilas Nogueira
Decano da Facultade de Ciencias Políticas e
Sociais de Santiago

Perfecto Yebra Martul-Ortega
Catedrático de Dereito Financeiro da
Universidade de Santiago

REVISTA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

REGAP

ESTUDIOS

Andrés Precedo Ledo	Ordenación do territorio: un modelo global e participativo.	9
Ramón Marfín Mateo	Os consorcios locais. Unha institución en auxe.	25
Javier Gárate Castro	Os suxeitos da negociación colectiva de empregados públicos.	37
José Vilas Nogueira	A Administración Pública no proceso estatutario de Galicia na II República.	49
Peter J. Tettinger	Aspectos fundamentais de la estructura administrativa en el Estado federal Alemán.	69
Francisco J. Serna Gómez	Administración Única para Galicia: Una propuessta abierta.	99

NOTAS E

COMENTARIOS

Marisa Florensa i Palau.	La reforma administrativa en la Comunidad Autónoma de Cataluña.	121
Ignacio Granado Hijelmo.	La Rioja y el Camino de Santiago: Estructuras jacobeanas del sistema riojano.	151
Constantino Alvarellos Galve.	Actividades de promoción da lingua galega por parte da Escola Galega de Administración Pública da Xunta de Galicia.	231

XURISPRUDENCIA

Carlos I. Aymerich Cano.	As relacións financeiras entre o Estado e as Comunidades Autónomas: dúas recentes sentencias do Tribunal Constitucional Español.	237
--------------------------	---	-----

- 265 _____ Seminario sobre relacións laborais colectivas na función pública. Jaime Cabeza Pereiro
EGAP, 4 e 5 de maio de 1992.
- 281 _____ Xornadas de Estudio sobre Administración Única. Carlos I. Aymerich Cano
EGAP, 24 e 25 de setembro de 1992.
- 311 _____ Xornadas sobre protección xurídica do Camiño de Santiago. Jorge Fábregas Galán
EGAP, 23 a 25 de abril de 1992.
- 317 _____ Xornadas sobre servizos públicos locais. Roberto I. Fernández López
22 e 23 de setembro de 1992.

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

- 329 _____ *Dominio Público.* José I. Morillo-Velarde Pérez
Ed. Trivium, Madrid, 1992.
- 333 _____ *El plan único de obras y servicios de Cataluña.* Luis Ortega Álvarez
Diputación de Barcelona, Civitas, Madrid, 1992.
- 339 _____ *Modernización de la Administración periférica.* Manuel Arenilla Saez
INAP, Madrid, 1991.
- 341 _____ *Dominio público y propiedad privada en la nueva Ley de Costas.* Isabel Miralles González
Cuadernos Civitas, Madrid, 1991.

Andrés
Precedo
Ledo

Catedrático de Xeografía e
Director do Gabinete de
Planificación e
Desenvolvemento Territorial
da Xunta de Galicia.

Ordenación do Territorio. Un modelo global e participativo

Non pretendo con este texto outra cousa que formular algunhas reflexións fundamentais acerca da natureza da planificación territorial ou da ordenación do territorio, como se denomina en galego.

As cuestións suscitadas están, case na súa totalidade, tiradas dos documentos elaborados sobre este tema polas institucións europeas, e a eles engadinlles, cunha visión crítica, as reflexións que constitúen a principal achega dun relatorio destinado a propiciar un marco de confrontación doutrinal, un intento de concreción dun amplo posibilismo metodolóxico, baixo a óptica holística, é dicir, globalizante e participativa, na que todo proceso de planificación ou actuación sobre o territorio debe inserirse.

Do mesmo xeito ca na realidade, o territorio é o soporte e maila síntese interactiva dos factores ambientais, económicos, sociais e culturais; o espacio constitúe un elemento integrador e estruturante da *planificación* sectorial; desta virtualidade, precisamente, deriva a dificultade da súa concreción práctica.

1. Os modelos conceptuais básicos na intervención territorial.

Aínda que puidese parecer unha cuestión academi-cista, a precisión terminolóxica revela un gran interese práctico, xa que, a miúdo, reflicte unha vontade espe-cífica e unha concepción determinada.

Hai tres conceptos fundamentais, utilizados en dife-rentes países europeos, que se deben comentar, porque dificilmente podemos valora-los contidos das políticas territoriais sen profundarmos nas expresións utilizadas para a súa expresión.

O Consello de Europa, que é o organismo que máis in-terese tivo neste tema, nun primeiro documento redac-tado en 1968, intentou xa daquela clarifica-la cuestión terminolóxica diferenciando tres modelos conceptuais:

1. A *planificación física*, é dicir, o conxunto de medi-das tendentes a procurar unha mellor utilización do so-lo, tendo en conta as capacidades productivas e me-dioambientais, o desenvolvemento do potencial endó-xeno e maila mellor utilización posible dos recursos na-turais.

Polo seu contido, pola súa metodoloxía e presenta-ción final, constitúe unha planificación do territorio *stricto sensu*, e os planos adoitan realizarse a escala na-cional, rexional ou metropolitana.

2. A *planificación rexional*, que ten como obxectivo asegurar un nivel óptimo, en linguaxe dos anos 70, do desenvolvemento rexional, tendo como fin primordial evitar ou reduci-los desequilibrios territoriais, as gran-des desigualdades, sexan intra ou extra.

3. O *aménagement do territorio*, que é a versión fran-cesa da intervención territorial e ten como finalidade fundamental deseñar e predici-la organización do te-rritorio, preparando as bases da sociedade futura, me-diante a integración dos factores psicosociolóxicos e con-tando coa participación da poboación na realización do seu futuro *cadre de vie*.

Algo máis tarde, en 1970, a Conferencia Europea de Ministros Responsables do Territorio utilizou os mesmos termos pero con diferente sentido, ó reserva-la planifi-cación física para as áreas urbanas e mais ó lle asignar á planificación rexional o cometido de estudia-la distri-

bución xeográfica xeral da poboación e mailas actividades económicas.

Sexa como for, estamos perante un modelo de intervención no territorio que abrangue tres aspectos fundamentais: o medio ambiente (planificación física), as estruturas socioeconómicas e mailas infraestructuras (planificación rexional), e o modelo de organización social e a calidade de vida, cun enfoque prospectivo.

2. A natureza esencial da planificación do territorio.

Estes tres enfoques que acabamos de enumerar pódennos servir como referencia útil para sinalármola natureza esencial que máis frecuentemente se lle asigna á organización do territorio. Son catro características as que compoñen o mínimo teórico que debe reuni-la planificación do territorio:

1. Posuír unha visión global, tanto xeográfica coma económica, da planificación.
2. Procura-la integración dos factores psicosociais para contrarresta-los excesos de economicismo.
3. Propoñer unha metodoloxía participativa do planeamento territorial.
4. Presentar unha perspectiva a longo e medio prazo do futuro escenario territorial.

É evidente que, ante unha posición coma esta, a planificación territorial preséntasenos como un nivel superior de planificación, que nalgúns aspectos nos leva a pensar en modelos de planificación centralizados. Aquí poderíamos, efectivamente, entrar nunha cuestión de fonda discusión doutrinal, aínda que de tódolos xeitos –sexa cal for a posición ou filosofía adoptada– o que si resulta certo é a conveniencia, xa antes citada, de asumir un principio de planificación integral cunha visión prospectiva.

Será esta puntualización o que nos permita:

1. Asegura-lo abandono de concepcións ríxidas.
2. Pensar na necesidade dunha flexibilización crecente das políticas de intervención, que deberán ser determinadas como obxectivos estratéxicos a nivel xeral.

Logo desta referencia previa á necesaria flexibilización, expoñerémo-las que, á vista dos textos utilizados, constitúen as características que podemos denominar esenciais e, polo tanto, distintivas, e que por isto constitúen os principios básicos e orientativos do deber ser. Segundo isto, a planificación do territorio debe reunir as condicións seguintes:

1. A necesidade de dota-la planificación territorial dun sistema de revisión periódica que permita adaptalos obxectivos á cambiante realidade. Isto, se na década dos setenta era xa evidente, na actualidade, coa mundialización da economía e a internacionalización da sociedade, é imprescindible.

2. A posesión ou non desta capacidade de adaptación será precisamente o que permita asegurarlle unha vivencia e utilidade ó plano, que, mesmo sendo integral, non ten por que tratar tódalas variables posibles, adoptando, como dixemos, modelos ou metodoloxías estratéxicas, é dicir, selectivas, que deberán adaptarse á realidade socioeconómica, cultural e ambiental de cada país ou rexión. De aí que calquera transposición xeográfica pode non ser eficaz para resolver os problemas presentados ou canalizar un futuro direccionado.

3. Cada vez resulta máis certo o vello axioma que, fronte á tentación totalitarista e homoxeneizadora, afirma que cada rexión ou país ten o seu propio modelo, o que non implica a negación dos modelos teóricos xerais, tratándose de dúas ordes diferentes: o pensamento e a acción. O primeiro pode basearse en principios universais, mentres que o segundo se debe conformar como un modelo particular e diferenciado.

3. Acerca do concepto de ordenación do territorio.

Logo desta digresión sobre os aspectos comúns derivados das distintas concepcións iniciais, debémonos situar ante o termo galego de *ordenación do territorio*, incorrecta tradución do termo francés *aménagement*, cun contido que, como acabamos de ver, resulta moi diferente ó que tradicionalmente se lle asignou en España.

Os instrumentos de planificación, introducidos en España na etapa dos planos de desenvolvemento estiveron inspirados directamente nos modelos franceses, pero en tódolos casos con notables diverxencias conceptuais.

As teorías do crecemento polarizado de Perroux e Boudeville serviron de soporte á versión española dos pólos de desenvolvemento, só que no noso caso o concepto de desenvolvemento indentificouse case sempre co de crecemento, aspecto que na política francesa das metrópolis de equilibrio estaba perfectamente diferenciado.

O mesmo ocorreu coa ordenación do territorio; o seu termo parece implicar, como puntualización inicial, unha concepción xuridicista, quedando o modelo francés desprendido dos seus dous soportes básicos e innovadores: o carácter prospectivo e a participación cidadá. Está claro que, no contexto sociopolítico do réxime franquista, ámbolos dous aspectos deberían ser obviados. Pero tal vez a isto puidese engadírselle un factor doutrinal ou filosófico importante. A doutrina neoliberal que inspirou a moderna planificación española, por unha banda, e un rexeitamento cultural ó termo planificación por supostas connotacións de sistemas centralizados, poden ser tamén aspectos que se deben considerar na explicación da adopción para o caso español do termo ordenación, termo que xa se aplicaba á planificación urbana (plano xeral de ordenación urbana).

A cuestión non había ser tan relevante se non estivese abocada a un reduccionismo dos obxectivos inherentes. Esta simplificación resólvese na experiencia, nun texto legal normativo de situacións xerais, e que se concreta, as máis das veces, nun documento de planificación indicativa, xeralmente denominado directrices de ordenación territorial, que, ó non ter ningunha forza legal, non deixa de ser un estudio orientativo, cuns contidos sectorializados e moitas veces carentes do sentido globalizado sinalado.

En definitiva, estamos diante dunha traxectoria semellante á dos planos de urbanismo españois que, na actualidade, quedaron convertidos en meros sistemas legais de clasificación e uso do solo. Carentes de modelos de desenvolvemento urbano, baleirados de deseño e

eivados por un excesivo nivel de incumprimento, foron, pouco e pouco, dexenerando en textos legais excesivamente ríxidos, e cunha validez limitada a aspectos secundarios en relación cos grandes obxectivos e contidos da planificación urbana.

A realidade confírmanos constantemente a súa escasa capacidade de xestión e maila súa inadaptabilidade á situación real das nosas cidades, a súa desafortunada expansión urbana non é de todo allea a tan particular concepción dos planos de ordenación urbana. E este é, ó meu xeito de ver, o risco que asoma tralas leis de ordenación territorial existentes.

4. O concepto xeral actualizado da planificación do territorio.

Tras desta reflexión crítica do caso español, volvamos ós principios xerais, deténdonos no concepto da planificación (*aménagement*) do territorio, segundo definicións máis recentes. En concreto, a redacción da Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1982; nela contéñense os seguintes considerandos que nos poden servir para aproximármonos a unha definición precisa:

1. Constitúe un elemento esencial da evolución da sociedade europea.

2. Os seus obxectivos seguen sendo reduci-las desigualdades rexionais para alcanzar unha mellor utilización e organización do espacio, da protección do medio ambiente e da calidade de vida.

3. As profundas modificacións que sobreviñeron ás estruturas económicas e sociais dos países europeos esixen unha revisión dos principios que moitas veces rexeron a organización do espacio en virtude de obxectivos económicos a curto prazo, sen tomar en consideración de forma apropiada os aspectos sociais e do medio ambiente.

4. Todo cidadán europeo debe te-la posibilidade de participar no establecemento e aplicación das medidas de ordenación do territorio.

Comparando estes textos cos da década precedente, obsérvanse dous cambios fundamentais:

1. Cada vez faise máis fincapé nos aspectos socioculturais e de calidade de vida.

2. As consideracións medioambientais teñen preferencia fronte ás concepcións de crecemento económico que caracterizaban os modelos precedentes.

Esta evolución, por outra parte, é o resultado da nova concepción da sociedade na que os aspectos cuantitativos quedaron relegados polos obxectivos de calidade, é dicir, cualitativos.

De aí a definición actual que di: a planificación (*aménagement*) do territorio é a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade, tendente ó desenvolvemento equilibrado das rexións e á organización física do espacio.

5. Os principios xerais ou normativos.

Aínda que na comparación conceptual evolutiva se advirten cambios doutriniais importantes, seguen viventes os aspectos ou principios básicos que podemos denominar clásicos e que constitúen os tres principios xerais ou normativos.

Segundo eles, a planificación do territorio:

1. Debe ser *democrática*, asegurando a *participación* da poboación afectada e dos seus representantes políticos a tódolos niveis e en tódalas etapas do seu proceso.

2. Debe ser *global*, é dicir, debe asegura-la *coordinación das diferentes políticas sectoriais e a súa integración* mediante os factores que inflúen na organización do espacio.

3. Debe ser *prospectiva*, isto é, que detecte as tendencias dos fenómenos económicos, ecolóxicos, sociais, culturais e do medio ambiente co fin de facilita-la toma de decisións que afectan á organización do territorio.

Vemos efectivamente que houbo unha mudanza conceptual, pero os obxectivos fundamentais manteñen a súa vixencia, aínda cando no propio documento se recoñece a dificultade de conseguilos ante as numerosas limitacións existentes para unha intervención acorde coa proposta teórica. Para a súa adecuada implementación cumpriría, entre outras cousas, definir previamente-

te as políticas sectoriais, o que engade unha dificultade adicional, xa que a organización territorial buscada esixe unha coordinación funcional e espacial dos planos sectoriais nas súas dimensións territoriais, o que non é posible se non teñen un desenvolvemento simultáneo ou, mellor aínda, antecedente.

En consecuencia, a necesidade de planifica-lo territorio é tan patente como difícil é a súa consecución, debido precisamente á ambición da formulación teórica, á necesidade dun forte voluntarismo político e á adopción dun modelo de decisións estratéxicas racionalizadas, o cal non é igual ca tecnocráticas, e que na realidade entran en conflito cos modelos de decisións individuais aleatorias, dotadas na maior parte dos casos, dun exceso de voluntarismo. Todo isto levou á seguinte situación:

1. As planificacións económica e territorial carecen de integración, mantendo a súa preeminencia os aspectos economicistas, aínda cando desde hai vinte anos se vén insistindo na necesidade de modificar esta orientación. E esta é a orientación que se descobre no noso propio Estatuto de Autonomía.

2. A planificación do territorio quedou reducida a contidos administrativos, urbanísticos e ambientais, sendo así desposuída da súa principal virtualidade: ser unha planificación integrada con soporte no territorio.

6. As escalas espaciais.

As experiencias existentes no que atinxe á escala espacial da planificación territorial permítenos establecer tres niveis básicos:

1. O nacional, realizado por algúns países; neste caso o sistema territorial básico ou soporte máis adecuado é a rede urbana, cos seus diversos banzos xerárquicos e perfís funcionais.

As políticas de intervención derivadas teñen como obxectivo a estruturación do territorio en eixes de desenvolvemento e rexións funcionais urbanas, como elementos estruturantes del. As áreas metropolitanas desempeñan unha función preeminente, o mesmo cás infraestructuras de comunicación.

2. O rexional; este resulta máis axeitado para acadar nun grao máis satisfactorio os obxectivos derivados da aplicación dos principios xerais, debido á súa maior operatividade como banzo intermedio; ten unha función máis integrada có anterior.

3. O subrexional, que sería no caso español o equivalente á comarca, que, se polas súas dimensións é demasiado reducida para formular obxectivos globais, resulta moi adecuada desde o punto de vista da integración e a participación.

En todo caso, os tres niveis sinalados manteñen entre si unhas relacións de subordinación, seguindo un proceso gradual de obxectivos dependentes, que sería desexable que se tivese en conta, fose cal fose a organización dos estados ou países.

A cada un dos niveis citados correspóndelles, ás veces, un modelo distinto de intervención ata o punto que é posible establece-la seguinte relación:

1) Ambito nacional: planificación física e estrutura urbana.

2) Ambito rexional: planificación económica, cunha programación de investimentos públicos.

3) Ambito subrexional: planificación integrada.

Noutros casos adóptase un dos modelos de ámbito superior, por exemplo o nacional, con contidos xerais, limitando a planificación integrada a rexións ou comarcas, con ritmo de desenvolvemento menor, por canto se supón que será unha maneira de corrixi-los desequilibrios territoriais.

Por outra parte, e no que á realización práctica atinxe, a planificación territorial, tal como expuxemos, supón un gran esforzo de coordinación. Tamén aquí a experiencia europea mostra tres maneiras de afrontar este problema:

1. Designando un organismo coordinador do tipo comisión interministerial.

2. Creando un organismo novo.

3. Atribuíndolle o papel coordinador a un organismo específico xa existente.

7. Unha filosofía social para as intervencións no territorio.

Chegados a este punto, non resulta difícil comprender que a política de planificación do territorio, ó ser un dos máis complexos sistemas de intervención, ó mesmo tempo que entraña problemas serios de coordinación e execución, debe descansar nunha filosofía de planeamento explícita, que ten como principios fundamentais tres:

1. O primeiro deles consiste en lle asignar un papel privilexiado á concepción do home individual como elemento ou factor básico da organización social, o cal é imprescindible para dota-lo plano do seu carácter prospectivo, por canto o futuro non pode se-lo resultado de simples proxeccións cuantitativas, senón que ten que ter en conta a evolución das necesidades futuras do home, dos xeitos de vida e da organización e estruturas sociais, de aí que unha reflexión social deba preceder e guía-la planificación. Non en van, o obxectivo primario é lograr un incremento da calidade de vida, é dicir, do benestar do conxunto da poboación, asegurando niveis aceptables de emprego, equipamento, vivenda, hábitat e desenvolvemento do tempo libre, para o cal é imprescindible que os investimentos posúan a localización capaz de rende-la máxima utilidade posible ó mínimo custo, é dicir, combinando a escala espacial co principio de utilidade e o de economía a niveis interactivos e satisfactorios.

2. Un segundo eixe que se debe considerar é o das relacións home-medio, dentro dunha filosofía medioambiental que permita administra-los recursos naturais e protexe-lo medio ambiente, sempre entendidos ó servizo do home individual e no marco da calidade de vida dimanante do principio anterior. Neste sentido, a planificación territorial debe desenvolver estratexias que permitan diminuír, e se é posible, suprimi-los conflitos entre o uso e a conservación dos recursos. Isto presupón unha programación responsable do marco natural, dos recursos de aire, auga e solo e maila consideración destes factores á hora de determina-las localizacións.

3. Un terceiro principio é o carácter democrático da

planificación, en busca dunha maior xustiza social. Isto leva consigo dúas cuestións. Por unha banda, a necesidade de asegura-la participación dos cidadáns, e pola outra, o deber de procurar que todos teñan acceso ós bens materiais e inmateriais da comunidade, procurando un desenvolvemento equilibrado do territorio, é dicir, un principio de solidariedade social. As políticas de descentralización, fortalecidas pola aplicación das novas tecnoloxías e a apertura do sistema mundial, constitúen por iso unha estratexia fundamental, orientada precisamente á redución dos desequilibrios territoriais.

A concepción do home, a participación activa e a solidariedade son, xa que logo, tres compoñentes dunha filosofía de planeamento que presiden as preocupacións que os diferentes países europeos mostraron en relación co asunto que nos ocupa.

8. Os contidos das políticas territoriais.

Dos principios enumerados anteriormente despréndese que os contidos variarán segundo cales sexan os ámbitos espaciais de actuación, as estratexias de intervención ou modelos de planificación utilizados. En todo caso, pódese falar de dous grandes obxectivos que deben guía-los contidos:

1. Un primeiro obxectivo será unha política a longo prazo de planificación territorial.

2. A curto prazo débese atender preferentemente a proporcionar unha utilización satisfactoria ou subóptima do territorio, do solo, mediante unha localización adecuada dos factores de produción, evitando as decisións orientadas pola busca dunha rendibilidade a curto prazo que pode xerar problemas territoriais a longo prazo.

Por isto, terá sempre preferencia a planificación física que permitirá determina-las áreas de usos diferenciais –agrícola, industrial, turismo, urbanización, etc.– nun marco de equilibrio co potencial diferencial do solo e a distribución dos recursos. Isto quere dicir que ante a suposta e bastante realista dificultade de aborda-la concepción global da planificación territorial, a praxe máis

conveniente será principiar pola planificación dos usos do solo nun marco básico de desenvolvemento dos recursos.

Tras esta formulación xeneralista de prioridades vou enumerar, aínda a risco de incorrer na sempre monótona inventarización, os principais contidos presentes nas máis coñecidas políticas de planificación realizadas.

8.1 *O sistema rural.*

En principio, cabe establecer unha diferenciación entre os sistemas rurais e os sistemas urbanos. Dado que os primeiros son os máis débiles e os que presentan unha situación prolongada de crise de desenvolvemento, as medidas teñen unha vixencia temporal maior e adoitan orientarse ás seguintes áreas:

1. A reestructuración da agricultura mediante a redución da man de obra, a redución e racionalización da superficie agrícola e maila busca de usos alternativos e complementarios dentro dos modelos vixentes de desenvolvemento rural.

2. Favorece-la descentralización económica, mediante un desenvolvemento inducido dos recursos locais ou endóxenos e os apoios á descentralización industrial e terciaria das actividades existentes. Neste aspecto son fundamentais as políticas de infraestruturas de apoio e as de mellora de equipamentos sociais e culturais. As redes de telecomunicación son hoxe en día un factor decisivo de desenclave, pero en tal caso debe tratarse de accións espacialmente selectivas.

3. A promoción do turismo, mediante a preparación de áreas de acollida e de lecer, o incremento da capacidade e calidade das dotacións e infraestructura, a atención ó turismo social e ó coidado do medio ambiente son hoxe contidos prioritarios.

4. As políticas socioeducativas e socioculturais resultan neste campo fundamentais, e están xeralmente orientadas á formación básica e profesional, adaptadas ó medio local, sendo moi interesante a política de descentralización intelectual.

5. O desenvolvemento do sistema de transportes, así como das redes de infraestruturas (electricidade, hi-

droloxía, saneamento, telefonía e a de telecomunicación xa citada) son, como ben se sabe, aspectos fundamentais en toda política territorial.

8.2 Os sistemas urbanos.

No que se refire ós sistemas urbanos, as formulacións difiren das tradicionais, máxime pola aparición dun feito novo: as áreas urbanas en declive, como consecuencia da crise transicional provocada polo paso da fase industrial á postindustrial, que obrigou a introducir novos enfoques.

En xeral, as políticas máis actuais son as seguintes:

1. Definición do sistema urbano xerárquico, cun enfoque dinámico e interactivo que, a través de perfís funcionais complementarios, pode xerar economías de escala e aglomeración, minimizando as disfuncionalidades derivadas do funcionamento espontáneo dos procesos competitivos autónomos. Así mesmo, débense defini-las tendencias do sistema, xa que o urbano é un dos sistemas territoriais dotados de maior capacidade de determinación.

2. A introducción recente da planificación estratéxica e do *marketing* urbano está renovando a forza do sistema de cidades como elemento articulador da economía e do desenvolvemento rexional, e, pola súa vez, como estrutura potencial de competitividade no marco interrexional e internacional. En efecto, o aumento da competitividade urbana e rexional provocou unha aceleración da concentración das accións nos puntos fortes do sistema, que son as cidades maiores, procurando aproveita-las vantaxes diferenciais de orde funcional, ambiental, cultural e infraestructural.

3. Unha política máis convencional cás anteriores, pero que segue a ser eficaz, é a que se orienta ó deseño de planos de descentralización urbana, con énfase nas cidades medias e pequenas para as converter en centros de crecemento e desenvolvemento local, capaces de complementar e integra-lo sistema rural –moi debilitado– no sistema urbano.

4. Xunto ás políticas macroespaciais citadas merecen unha consideración importante a planificación micro-

espacial urbana ou metropolitana, con vistas a novos deseños de remodelación urbana, de uso do solo e de renovación de espazos degradados, todo isto no contexto actual de busca dunha maior calidade de vida e de conservación do medio ambiente.

5. Fronte ós ríxidos planos legais de ordenación urbana, impóñense cada vez máis os planos de desenvolvemento urbano ou metropolitano e mailas planificacións especializadas de intervención nos tecidos consolidados pero obsoletos; mais, así como o sistema rural segue a presenta-los mesmos problemas de hai vinte anos, o sistema urbano ten que lle facer fronte a un proceso de competencia locacional cada vez máis selectivo e cualitativo. Téñase en conta ademais, que a aparición de importantes áreas en declive, coincidentes ás veces con grandes e medianos centros industriais non reconvertidos, esixe unha renovación nos instrumentos de intervención, que deben incorpora-las novas tecnoloxías á estrutura urbana.

En definitiva, son tres os factores básicos que conforman o contido da planificación territorial:

- a) A estrutura e dinámica do sistema de asentamentos.
- b) O potencial do territorio, localización dos recursos humanos e o desenvolvemento local.
- c) Os impactos ambientais.

A súa finalidade xa quedou claramente explicada, é dicir, a corrección dos desequilibrios e a obtención dunha maior calidade de vida.

9. ¿Utopía ou posibilismo?

O carácter global derivado dunha formulación como a que aquí presentamos, constitúe, sen dúbida, un suxerente marco de referencia de carácter teórico, pero na práctica son moitos os problemas que se deben resolver para facer que a planificación territorial sexa operativa. Entre outros citarémo-los seguintes:

- a) A necesidade de concibi-la planificación como un instrumento de servizo á sociedade e non á mera consolidación do poder político a curto prazo.

b) A dificultade de posuír esquemas válidos de anticipación en tódolos campos necesarios, o que constituiría un principio básico de acordo co carácter prospectivo.

c) A difícil tarefa de crear novos organismos ou adaptalos existentes no seo das organizacións político-administrativas.

d) A mesma dificultade de deseñar metodoloxías válidas que, partindo dos obxectivos das políticas sectoriais, logren integralas no territorio, de acordo cos atributos diferenciais que posúe.

e) A necesidade de deseñar modelos ou esquemas de planificación territorial asociados ós diferentes ritmos de crecemento económico.

Nunha área con previsións de crecemento lento non se pode planifica-lo territorio como se dunha variable independente se tratase.

Sobre este último aspecto, a penas se fixeron achegas teóricas, non obstante o cal, podemos establecer cadeas asociativas entre os ritmos de crecemento e as estruturas espaciais. Así, por exemplo, nunha fase de crecemento lento as estruturas focais poden ser máis eficaces cás policéntricas, pero en cada caso deben explicarse no deseño de tendencia ou prospectivo da planificación.

A planificación do territorio como unha metodoloxía de intervención final implica, non só un proceso estratéxico de toma de decisións, senón tamén unha secuencia na implementación que inclúa o seguimento, sendo imprescindible combina-la rixidez das construcións coa flexibilidade das políticas específicas.

Trátase, en definitiva, dunha construción conceptual, teórica e metodolóxica complexa, que non se pode confundir cunha simple normativa legal nin cun plano indicativo ou orientativo. Pode, iso si, tratarse de utópica, pero algunhas referencias de experiencias permítenos afirma-la súa natureza posibilista. Así, por exemplo, o programa de planificación territorial expresado no Plano de Desenvolvemento Comarcal de Galicia constitúe unha aplicación á realidade dun modelo descentralizado, integrado, secuencial e participativo de planeamento rexional, que adopta como escala espacial a

subrexional. Tal vez sexa a comarcal, na súa coordinación cos obxectivos da planificación rexional a escala macroespacial a dimensión territorial máis axeitada para ensaiar un modelo que ata agora non puido ser implementado en escalas macroterritoriais. A integración da planificación sectorial e o planeamento físico nun contexto de tendencias ordenado por obxectivos dinámicos de orde rexional e internacional encontra, pois, na comarca un campo de experimentación de excepcional interese.

A Xunta de Galicia establece ademais outros instrumentos de planificación do territorio que, por orde de maior a menor escala, son os seguintes:

1. O Plano Económico e Social que inclúe unha alínea de planificación territorial.
2. As Directrices de Ordenación do Territorio.
3. Os Planos de Desenvolvemento Comarcal e a súa derivación en planos supracomarcais para áreas funcionais con problemas específicos.
4. As Normas Provinciais de Urbanismo.
5. Os Planos Municipais e mailos outros planos sectoriais complementarios.

Sexa como for, o máis importante é asumi-la necesidade, ou polo menos a conveniencia, de deseñar unha planificación territorial global para obter unha mellor calidade de vida, manifestada no medio de relación do individuo en particular e da sociedade no seu conxunto, dentro dun proceso participativo de orde cualitativa.

Así comezamos a da-lo paso da utopía, atribuíble por algúns á formulación teórica, ó posibilismo. Como en tódolos ámbitos da planificación, os principios teóricos, por marcaren obxectivos de tendencia, resultan sempre maximalistas, cando a realidade se move nun campo de posibilismos satisfactorios; sendo isto certo, o axuste entre ambos producirase cando a experiencia acumulada faga converxe-la teoría, o deber ser, coa realidade, pero nunca pola vía do reduccionismo en obxectivos que son intrínsecos ó concepto. 

Ramón
Martín
Mateo

Os consorcios locais. Unha institución en auxe.

Catedrático de Dereito
Administrativo.

1. A pervivencia dos Consorcios trala revisión do réxime local.

Estimo que os Consorcios, non obstante o seu desafortunado tratamento pola Lei de Bases de 1985, seguen a ser entes locais asociativos, como demostra teimudamente a realidade, na que se manteñen con indubidable firmeza, e maila creación ulterior á Lei de novas figuras deste tipo¹.

Dediqueille a este tema nun estudio pioneiro² unha extensa análise e posteriormente un comentario ó que me remito³, aínda que me parece oportuno reproducir aquí as máis significativas conclusións.

A) *Precedentes.*

Coa aprobación do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais⁴, o Consorcio toma plena carta de natureza no Réxime Local, ben que a través dunha disposición de escaso rango e con pouco estrépito institucional.

¹ SOSA WAGNER, F.: *La gestión de los servicios locales*, Civitas, Madrid, 1992, páx. 176.

² MARTÍN MATEO, R.: *Los Consorcios locales*, IEAL, Madrid, 1970.

³ MARTÍN MATEO, R.: *Entes Locales Complejos*, Trivium, Madrid, 1987, páxs. 109 e ss.

⁴ Decreto do 17 de xuño de 1955.

En efecto, os artigos 37 a 40 da devandita disposición facultan as Corporacións locais para constituíren Consorcios, dotados de personalidade xurídica, con Entidades Públicas de diferente orde para instalaren ou xestionaren servicios de interese local. O Estatuto dos Consorcios determinará as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro. Os Consorcios poderán utilizar calquera das formas previstas para a xestión de servicios.

Con base exclusivamente nesta normativa e partindo do supraconcepto do Consorcio como "técnica instrumental de base asociativa, ó servicio de fins de relevancia pública", puiden caracterizar sen vacilacións os Consorcios locais como "entes locais que asocian libremente persoas xurídico-públicas de diferente orde para fins de interese local"⁵.

B) *A lexislación vixente. Os Consorcios como entes locais funcionais.*

A promulgación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril de 1985, vai poñer novamente en cuestión o *status* xurídico do Consorcio, e isto é así pola súa non inclusión no catálogo que contén de Entidades locais, polo tratamento desta materia no capítulo correspondente a "Actividades e servicios" (Artigo 87 da Lei de Bases), polo laconismo da mencionada normativa e, finalmente, pola novidade da potestativa ampliación desta fórmula para dar entrada a Entidades privadas sen ánimo de lucro.

A pesar de todo, coidamos que o réxime real do Consorcio non sufriu alteracións substanciais coa nova lexislación e que seguen sendo Entidades locais funcionais, aínda que de carácter derivativo e non simplemente entidades de natureza singular que non forman parte da Administración local, como se afirmou con escaso esforzo caracterizador por certo⁶.

Personalidade.

Sen entrarmos en maiores disquisicións, abonda para os nosos propósitos sinalar que a Lei está pensando nunha conxunción de vontades que dá lugar á aparición dunha persoa xurídica, un ente ou unha entidade, se se prefire, de base, por tanto, asociativa. Lembremos que

⁵ MARTÍN MATEO, R.: *Los Consorcios locales*, Madrid, 1970, páx. 53.

⁶ GARCÍA-ESCUADERO Y PENDAS, P.: *El nuevo Régimen Local español*, Barcelona, 1985, páx. 312.

nos di que as “Entidades locais poden constituír Consorcios” con outras Administracións públicas ou Entidades privadas non lucrativas. Hai, xa que logo, algo máis ca un puro convenio xerador de recíprocos dereitos e obrigas que afecta só ás partes.

Inequivocamente, o Texto Refundido asume esta, polo demais, pouco discutible interpretación ó establecer que os Consorcios gozarán de personalidade xurídica propia⁷.

Sometemento ó Dereito público.

Os Consorcios son persoas xurídicas como quedou demostrado, pero ademais, de Dereito público, o que semella meridiano no caso dos que se calificaron como Corporacións interadministrativas que xorden a través dun pacto establecido entre varios entes administrativos heteroxéneos e que se federan con vistas a unha xestión común⁸. Por iso, o Texto Refundido establece que estes Consorcios se crearán “para fins de interese público concorrentes cos das Administracións Públicas”.

O interese local.

O Regulamento de Servicios na súa versión anterior á Lei de Bases establecía que as “Corporacións locais poderían constituír Consorcios con Entidades públicas de diferente orde para instalaren ou xestionaren servicios de interese local”.

A Lei de Bases de 1985 alude a fins de interese común con outras Administracións públicas e a fins de interese público concorrentes cos de Entidades privadas sen ánimo de lucro, precisión esta última que por certo manexa o Texto Refundido de 1986⁹, en relación cos Consorcios interadministrativos.

C) Os Consorcios non son unha institución apátrida.

Se, como coidamos que se demostrou, os Consorcios son entes de Dereito público, xestionadores de actividades de interese local, parece lóxico concluír, como resultado do sumatorio deste polinomio caracterolóxico, que estaremos en presenza dunha Entidade local. Soa-

⁷ Artigo 110.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

⁸ GARCÍA DE ENTERRÍA e T. R. FERNÁNDEZ: *Curso de Derecho Administrativo*, vol. 1, Madrid, 1983⁴, pág. 382.

mente podería desvirtuarse esta deducción ante a presenza dun factor de signo negativo, a saber, a expresa remisión nos Estatutos a outro ordenamento con perda de control por parte das Entidades locais dos órganos do Consorcio a prol doutras Administracións ou Entidades privadas, pero en tales casos entendemos que se desnaturalizaría esta figura dando lugar a outra distinta, aínda que se debe recoñecer que estas consecuencias non están contempladas nin na lexislación anterior nin na vixente, polo que quizais merecerían unhas satisfactorias puntualizacións a través dun tratamento normativo específico.

Prescindindo destas hipotéticas situacións, debemos ratificar a nosa convicción de que o Consorcio a penas se diferencia doutras figuras que a Lei recoñece explicitamente como Entidades locais, que é o caso próximo das Mancomunidades. Boa parte dos Consorcios hoxe constituídos están integrados unicamente por Concellos e a Deputación da súa provincia; non damos entendido logo a razón de os excluír do ordenamento local polo feito de que a compoñentes básicos de Mancunidade se lles engada unha Entidade local territorial de distinta orde, o que é válido para outras aplicacións consorciais nas que a presenza de Administracións públicas extralocais é minoritaria e, ás veces, mesmo meramente simbólica.

En particular, os Consorcios e Mancomunidades de abastecemento de augas son abordados pola Lei de Augas¹⁰ no capítulo correspondente ás Comunidades de usuarios, das que en certa medida constitúen unha subespecie, condicionándose o outorgamento de concesións para abastecemento a varias poboacións a que as Corporacións locais constitúan para estes efectos tales entes¹¹.

Desde a perspectiva da Lei de Augas non cabe dúbida de que, aínda que non se pronuncie sobre as peculiaridades do estatuto xurídico dos Consorcios¹², estes terán alomenos as prerrogativas das Corporacións de Dereito público, podendo obrigar unilateralmente ós usuarios¹³, vindo vinculados ás Corporacións locais "de acordo coa lexislación pola que se rexan"¹⁴.

É interesante sinalar a este respecto a autorizada opinión do Consello de Estado¹⁵, que se pronuncia así:

⁹ Artigo 110.1.

¹⁰ Do 2 de agosto de 1985.

¹¹ Artigo 81.1.

¹² Artigo 81.2.

¹³ Artigo 74.2, en relación co 81.2.

¹⁴ Artigo 81.1.

¹⁵ Dictame do 24 de outubro de 1985.

“A lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dedica unicamente o artigo 87 ós Consorcios, ó establecer que as Entidades locais poden constituír Consorcios con outras Administracións Públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público, concorrentes cos das Administracións Públicas.

A lei non dispón a derogación en bloque da anterior lexislación sobre réxime local, senón unicamente daquela que se opoña, contradiga ou resulte incompatible co seu contido.

Neste sentido, debe sinalarse que o contido da nova Lei 7/1985 en nada se opón ou contradí o disposto no artigo 107 do Texto articulado parcial da Lei 41/1975, aprobado por Real Decreto 3046/1977, do 6 de outubro, e nos artigos 37 a 40 do Regulamento do Servicio das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, porque deben entenderse vixentes estes últimos preceptos sen prexuízo das modificacións competenciais operadas coa instauración do novo sistema competencial en España”.

As opinións aquí sustentadas foron ratificadas tamén por significados tratadistas, cal é o caso de Sosa Wagner¹⁶, que para os Consorcios constituídos entre administracións locais afirma con rotundidade que terían “a consideración, só para os efectos queridos polo lexislador, de ente local, que por iso podería botar man de calquera das formas de xestión dos servizos previstos na lexislación local. A utilización neste caso do ordenamento local é plena e non parece que poida ofrecer dúbida”, opinión que é tamén sostida por Quintana¹⁷ e Sánchez¹⁸.

D) *Os Consorcios con participación de entidades privadas sen ánimo de lucro.*

A Lei de Bases de 1985, que tan raquiticamente configura os Consorcios, introduce, sen embargo, unha importante novidade, ó permitirlles participar neles a entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das Administracións públicas¹⁹. A lexislación de Navarra é máis explícita e menciona as asociacións, fundacións privadas ou entidades privadas sen finalidade lucrativa²⁰.

¹⁶ *La gestión de los servicios locales*, Civitas, Madrid, 1992, páx. 173.

¹⁷ *Las Mancomunidades en nuestro Derecho local*, MAP, Madrid, 1991, páx. 84.

¹⁸ *Las competencias supra-locales en Comunidades Autónomas y Gobiernos Locales*, Deputación de Barcelona, 1987.

¹⁹ Artigo 88 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 9 de abril, o que reitera o Texto Refundido, artigo 110.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

²⁰ Artigo 212.1 da Lei Foral de Administración Local, Lei Foral 6/1990, do 2 de xullo.

Esta modificación das características do Consorcio, que non ten antecedentes no Dereito local común, suscitou prudentes e comprensibles reservas na doutrina, que ve nestes Consorcios máis ben un convenio ou acordo có xurdimento dunha nova persoa xurídica²¹.

Esta tese, que me semella respectable, non pode abafar outra interpretación que estimo lexítima mentres o lexislador ou os Tribunais non aclaren estes extremos.

Persoalmente opino que hai base de abondo para afirmar que, se non a Lei, o Texto Refundido alomenos, asigna personalidade xurídica propia a tódolos Consorcios²².

Anteriormente observei²³ que do feito de que formen parte do Consorcio suxeitos de Dereito privado non se derivan maiores obstáculos para que o ente resultante teña natureza administrativa. Existen numerosos exemplos de entes e órganos deste carácter, participados por persoas privadas que, parcialmente alomenos, están sometidos ó réxime administrativo, o que afecta ás Comunidades de usuarios da Lei de Augas constituídas por particulares para fins análogos ós dos Consorcios que a mesma Lei contempla, pero tamén de momento á Administración Corporativa²⁴, Colexios Profesionais, Cámaras Agrarias, Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, ós que as súas respectivas leis califican como Corporacións de Dereito Público.

As posibles dúbidas que subsistan terán menor base legal en ordenamentos como o de Cataluña e Navarra, que califican a tódolos Consorcios como entidades públicas de carácter asociativo²⁵.

De feito, con invocación expresa da lexislación autonómica creáronse en Cataluña varios Consorcios que agrupan entes públicos e privados: *Museo de Arte Contemporánea*²⁶, *COOB'92*²⁷, *Centro de Estudios Olímpicos e do Deporte*²⁸ e *Consorcio de Hospitais de Barcelona*²⁹.

E) Os Consorcios con presenza estatal ou autonómica.

Sosa Wagner³⁰ matiza a súa posición sobre o réxime xurídico dos Consorcios cando neles participan o Estado ou as Comunidades Autónomas, e afirma, o que é indubidable, que se existen normas daquela orixe serán as

²¹ SOSA WAGNER, F.: *La gestión de los servicios públicos locales*, cit., páx. 174.

²² Artigo 110.2.

²³ MARTÍN MATEO, R.: *Entes Locales Complejos*, Trivium, Madrid, 1987, páxs. 115

²⁴ Vid. FANLO LORAS, A.: *El debate sobre Colegios Profesionales y Cámaras Oficiales*, Civitas, Madrid, 1992.

²⁵ Artigo 252 da Lei 8/1987 de Cataluña e 212.2 da Lei Foral 6/1990.

²⁶ Aprobado polo Concello de Barcelona o 4 de marzo de 1988.

²⁷ Que remite á lexislación estatal. Acordo do 19 de febreiro de 1987.

²⁸ Acordo do 26 de outubro de 1990.

²⁹ Aprobado polo Consello Executivo da Generalitat do 14 de novembro de 1988.

³⁰ Op. cit., páxs. 173-174.

directamente aplicables³¹, aínda que caiba a remisión expresa á lexislación local. Pero non se debe esquecer que o ordenamento estatal xa se pronunciou ó respecto ó incluír, sen matizacións, os Consorcios no Réxime local. Por tanto seguimos mantendo que os Consorcios aínda así participados seguen a ser locais, salvo que o control, por determinacións estatutarias ou legais caia fóra do ámbito local.

Este será sen dúbida o caso dos que se cren unha vez aprobado o proxecto de Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común³², que contempla Consorcios dotados expresamente de personalidade xurídica³³, pensados para desenvolver convenios entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Os Estatutos determinarán os seus fins e as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro, así como a distribución de representacións entre as Entidades consorciadas. Para a xestión dos servicios poderán utilizarse calquera das formas previstas na lexislación aplicable a aquelas Administracións, precepto este que non deixa de presentar interrogantes en canto á elección do dereito aplicable, estatal ou autonómico.

En xeral, trátase dun precepto correcto, inspirado na figura dos Consorcios locais. Non deixa de ser curioso que o Estado como lexislador local marxinasen un tanto esta figura e a retome con enerxía ó se autonormar.

Significativamente, dise noutro precepto³⁴ que as relacións entre a Administración estatal e autonómica coas Entidades locais "se rexerán pola lexislación en materia de Réxime Local", o que será de aplicación indubidable para os Consorcios locais participados polo Estado ou as Comunidades Autónomas.

En definitiva, a presenza do Estado ou das Comunidades Autónomas nun Consorcio no que participan tamén Entes locais non é por si mesma definitoria do seu réxime xurídico. Haberá que estar ó que digan os correspondentes Estatutos e, no caso de silencio, ó control establecido en canto ó funcionamento dos seus órganos rectores, ou ós fins prevalentes do Consorcio. Se os Estatutos, aínda que non opten por un determinado bloque ordenamental, son abondo explícitos en canto ó ré-

³¹ Con base nas imprecisas manifestacións de GARCÍA DE ENTERRÍA e T. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: *Curso de Derecho Administrativo*, vol. I, Civitas, Madrid, 1989, p. 1102.

³² Publicado polo MAP en febreiro de 1992.

³³ Artigo 7.1.

³⁴ Artigo 9.

xime económico e de toma de decisións, pode non ser tan perturbador a ausencia de precisións normativas noutro nivel.

2. A rigorosa modernidade da figura consorcial.

O Consorcio debe ter un espléndido futuro porque responde bastante ben ó funcionamento esperado e demandado polos cidadáns da Administración pública; de feito, xa se está facendo del un uso máis amplo do que se podería agardar ante a escasa receptividade do lexislador cara ás súas virtualidades.

A) *Características desexables da xestión pública contemporánea.*

Parece claro que o ríxido esquematismo funcional e espacial da distribución de competencias ten pouco sentido nos nosos días. A evolución da tecnoloxía conecta mal co reparto sectorial de funcións e responsabilidades administrativas. O solapamento é inevitable e tódolos cometidos públicos conflúen finalmente en macrofuncións como son, por exemplo, a economía ou o ambiente. A compartimentación competencial, inevitable en determinados niveis, tende a evolucionar cara á multi-instrumentalidade e o enfoque holístico.

Tampouco se pode manter unha ríxida separación entre administradores e administrados. Hai que contar co concurso destes ou, alomenos, evitar que os destinatarios da acción administrativa presenten unha oposición pechada ás intervencións da Administración. A participación non necesariamente se xustifica só por razóns ideolóxicas, constitúe máis ben un prerequisite técnico para a operabilidade dos criterios do ben común.

O mesmo pode dicirse da distribución espacial de cometidos; hai poucas intervencións que caiban cumpridamente nos reductos dunha demarcación territorial determinada, sexa esta un Municipio ou o propio Estado.

Os xenetistas ensínannos que as razas con máis porvir son as mestizas; estas conclusións valen tamén, ser-

vata distantia, para o sector público, onde van predominar modelos híbridos, cruzados, de organización administrativa.

Estas reflexións son particularmente válidas para o campo das Administracións locais, onde se move precisamente o Consorcio, que constituirán, ó meu xuízo, a instancia máis significativa para os cidadáns do futuro que encontran aquí, ou deberían achalo, o dispositivo de prestacións para eles máis importantes. Malia as dificultades actuais de Maastricht, que se enfrenta cun aglomerado de nostálgicos do pasado, as soberanías estatais tenden a languidecer, o que vai implicar tamén, noutra medida, os proxectos estrictamente políticos das rexións. Hai tempo que apostei pola solución municipal, que vexo agora, se cadra con certo optimismo, robustecerse solidamente.

Está tamén o imperativo da eficacia. O importante para o consumidor de prestacións públicas ou privadas é que estas llas fornezan axeitadamente, que se atenda mellor as necesidades sentidas. É inútil encalma-lo cidadán insatisfeito invocando organigramas deseñados para outras épocas. Aquí tamentas virtualidades cooperativas, concorrentes, compartidas, que o Consorcio supón, aínda que non produzan efectos taumatúrxicos, supoñen un útil instrumento para unha angueira máis eficiente dos responsables da *res publica*.

B) *A expansión do Consorcio. A experiencia de Cataluña.*

Carezo dunha información suficiente, nin sequera aproximada, para avaliar sequera en España con certa exhaustividade, o grao de utilización desta institución. O lexislador estatal non foi ó respecto nin lúcido nin xeneroso, inconsecuente ademais cos principios da Lei de Bases de 1985 sobre coordinación e eficacia administrativa para as distintas administracións territoriais³⁵, malia mencionar expresamente o Consorcio como fórmula adoptable para a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local, a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas³⁶.

A Lei Reguladora das Facendas Locais de 1988 alude de pasada ós Consorcios facultando as Corporacións Lo-

³⁵ Artigo 55 e ss. da Lei e 61 e ss. do Texto Refundido.

³⁶ Artigo 70.

cais para lles atribuí-la percepción de prezos públicos³⁷, o que lles permite acceder ós mecanismos recadatorios administrativos, posibilidade que non é nova para eles.

Tampouco as Comunidades Autónomas facilitaron estas canles. A Lei Municipal e de Réxime Local de Cataluña de 1987 introduce algunhas precisións como a xa aludida da consideración destes como entidade pública³⁸, pero pouco máis. Semellantes pautas segue a Lei Foral de Administración Local de Navarra de 1990³⁹. A restante lexislación autonómica que coñezo ignóraos⁴⁰.

Na etapa preconstitucional creáronse diversos Consorcios para zonas francas, feiras de mostras, turismo, etc. Pero os máis importantes foron os de augas entre os que destaca o de Abastecemento de Augas e Saneamento do Gran Bilbao creado en 1966⁴¹, entidade que ten detrás súa unha brillante executoria administrativa que mantén plenamente nestes momentos.

Unha certa expansión, con bos resultados por certo, tiveron os consorcios para a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, e resultan exemplares o constituído para Asturias e mailo que integra os municipios da Baía de Cádiz. Nun sector debe mencionarse o Consorcio de Saneamento da Costa Brava.

A lexislación do solo recolle tamén esta figura para finalidades de xestión e execución de actividades urbanísticas⁴². Se ben os Concellos para estes casos preferiron recorrer á creación de Mancomunidades. Hai dous precedentes positivos en Cataluña e os creados con funcións conexas en 1975 para os transportes metropolitanos de Bilbao e Sevilla.

Pero foi en Cataluña e concretamente en Barcelona, donde houbo maior receptividade cara a esta figura corroborándose unha vez máis que o *seny* catalán non é un talento perdido para o sector público.

En Barcelona establecéronse prontamente Consorcios para moi variados cometidos⁴³; o primeiro de todos eles, en 1960, pioneiro, ó meu xuízo, en España, foi o que tiña por cometido regula-las condicións do traspaso ó Concello de Barcelona dos terreos e instalacións do Castelo de Montjuic⁴⁴, con órganos directivos dos que forman parte autoridades militares, representantes do Ministerio de Facenda e do Concello de Barcelona. Posteriormente creouse o *Consortio da Zona Franca de Barcelona*

³⁷ Artigo 48.2 da Lei 39/1988 do 28 de decembro.

³⁸ Artigo 252.

³⁹ Artigo 212.2.

⁴⁰ O que é o caso da Lei de Réxime Local da Rexión Murciana do 25 de agosto de 1988.

⁴¹ Aínda que os seus Estatutos non se aprobaron polo daquela Ministerio da Gobernación por Resolución do 2 de marzo de 1967.

⁴² Artigo 12 e ss. do Regulamento de Xestión Urbanística da Lei do Solo do 25 de agosto de 1978. Vid. LÓPEZ PELLICER, J.: *El Consorcio Urbanístico*, El Consultor de los Ayuntamientos, Madrid, 1984.

⁴³ A información que manexo procede das publicacións do Concello de Barcelona (Serveis Jurídics), tituladas *Organs especials de gestió. Organismes Autònoms. Societats municipals*, 1 de febreiro de 1987 e febreiro de 1991; agradézolle a súa amable facilitación ó profesor Tomás Quintana e a D. Meritxell Josa do Gabinete Xurídico do Concello de Barcelona.

⁴⁴ Autorizado pola Lei do 22 de xullo de 1960; o seu regulamento foi aprobado o 15 de novembro de 1960.

integrado polo Concello, Xunta de Obras do Porto, Fomento do Traballo Nacional, Cámara de Comercio e Aduana de Barcelona⁴⁵. Con base na lexislación precedente creáronse tamén os Consorcios para a urbanización da zona do Maresme e para a construción dos túneles do Tibidabo en 1968, xa extinguidos, coido, por cumprimento dos seus fins.

Xa na etapa constitucional, pero baixo a vixencia da lexislación precedente, constituíuse o Consorcio do *Gran Teatro do Liceo* integrado pola sociedade do mesmo nome, Generalitat e mailo Concello⁴⁶, o da *Feira Internacional de Mostras de Barcelona*, F.O.I.M. coa Generalitat, Concello e Cámara⁴⁷, e o correspondente ó *Pazo da Música de Cataluña*, que integran a Generalitat, Deputación e Concello⁴⁸.

Trala aprobación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local aprobouse o *Consorcio da Biblioteca de Cataluña* entre a Generalitat, Deputación, Concello e Instituto de Estudos Cataláns⁴⁹, o *Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona*. *Casa da Caridade* do que forman parte o Ministerio de Cultura, Deputación e Concello⁵⁰, o *Museo de Arte Contemporánea*, que remite á Lei de Réxime Local de Cataluña de 1987⁵¹, o de *Normalización Lingüística*, coa Generalitat e diversos Concellos e Deputacións de Cataluña, que tamén conecta coa lexislación local autonómica⁵², o *Consorcio de Hospitais de Barcelona*, entre Generalitat e Concello⁵³, o do *Pazo de Congresos de Barcelona*, co Concello, a Cámara de Comercio e a Feira de Mostras, que invoca tamén os artigos 252 a 255 da Lei 8/1987⁵⁴, e o do *Auditorio e Orquestra Cidade de Barcelona*, entre o Concello de Barcelona e a Generalitat, do 24 de xaneiro de 1992.

No ámbito deportivo debe mencionarse o *Centro de Estudos Olímpicos e do Deporte* que agrupa a Generalitat, a Universidade Autónoma, o Comité Olímpico Español, o Concello e a Deputación de Barcelona⁵⁵, pero sobre todo o *Comité Organizador Olímpico de Barcelona 92*, CO-OB'92, verdadeiro eixe vertebrador dos Xogos da XXV Olimpíada, do que forman parte o Concello de Barcelona, a Administración do Estado, a Generalitat de Cataluña e mailo Comité Olímpico Español⁵⁶, en conexión co Comité Olímpico Internacional, de acordo co contrato asinado en Lausana en 1986⁵⁷.

⁴⁵ Os Estatutos aprobáronse polo Ministerio de Facenda en 30 de xullo de 1968.

⁴⁶ Aprobado por Decreto do 19 de decembro de 1980.

⁴⁷ En 24 de abril de 1981.

⁴⁸ Do 30 de abril de 1981.

⁴⁹ Do 23 de decembro de 1986.

⁵⁰ En 4 de marzo de 1988.

⁵¹ Na mesma data có anterior.

⁵² Os Estatutos foron aprobados polo Consello Executivo da Generalitat en 4 de outubro de 1988.

⁵³ Do 17 de febreiro de 1989.

⁵⁴ Aprobado polo Concello, do 27 de abril de 1990.

⁵⁵ Do 26 de outubro de 1990.

⁵⁶ Aprobado polo Concello no 16 de febreiro de 1987.

⁵⁷ Aprobado por este no 16 de febreiro de 1987.

O Consorcio créase de conformidade co disposto na lexislación xeral de réxime local⁵⁸ e ten por obxecto a organización dos Xogos Olímpicos de 1992. Está rexido por unha Asemblea Xeral, unha Comisión Executiva e unha Comisión Permanente. Todos estes órganos son presididos polo Alcalde de Barcelona, auténtico artífice e operador dunha arquitectura institucional de impecable funcionamento.

O Consorcio constituíu, pois, o soporte orgánico dun acontecemento histórico que unanimemente foi recoñecido como o mellor organizado na longa serie do olimpismo mundial. A institución recibiu, pois, o máis senlleiro e merecido recoñecemento. 

⁵⁸ Mencionando expresamente os artigos 87 da Lei 7/1985 e 110 do Real Decreto Lexislativo 781/1986.

Javier
Gárate
Castro

Prof. Titular de
Dereito do Traballo na
Universidade de Santiago.

Os suxeitos da negociación colectiva de empregados públicos

Ó longo deste traballo empréganse as seguintes abreviaturas: BJC (*Boletín de jurisprudencia constitucional*, das Cortes Xerais), BOE (*Boletín oficial del Estado*), Cons. (Constitución española de 1978), ET (Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores), LNC (Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos), LOLS (Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical), LORAP (Lei 9/1987, do 12 de xuño, reguladora dos órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das Administracións públicas. Tódalas referencias á mesma, salvo que se indique outra cousa, son á súa versión froito da reforma realizada pola Lei 7/1990, do 19 de xullo), LRFP (Lei 30/1984, do 2 de agosto, sobre medidas para a reforma da función pública), RL (*Relaciones laborales. Revista crítica de teoría y práctica de "La Ley"*, T. Cons. (Tribunal Constitucional).

1 Recoñecido co máximo rango o dereito de sindicación dos funcionarios públicos e admitido que forma parte do núcleo mínimo e indispoñible da liberdade sindical o dereito dos sindicatos a participaren na determinación das condicións de traballo¹, o paso seguinte leva a estender este último dereito, que ten como medio de acción básico a negociación colectiva², ós *sindicatos* que agrupan aqueles, carecendo o lexislador ordinario de discrecionalidade para deixar de decidir tal extensión, que vén imposta polo propio art. 28, núm. 1, Const.³. Móstrase coherente coa formulación exposta na LOLS, que atribúe ás organizacións sindicais en xeral, sen exclusión das que integren a funcionarios públicos, o dereito ó “exercicio da actividade sindical [...] que comprenderá, en todo caso, o dereito á negociación colectiva” (art. 2º, núm. 2.d), o cal conta con importantes precisións ó longo dos títulos III e IV da referida Lei; o primeiro circunscribe ós *sindicatos máis representativos* e ós coñecidos como *abondo representativos* a participación “na determinación das condicións de traballo nas Administracións públicas a través dos oportunos procedementos de consulta ou negociación” (art. 6º, núm. 3.c, en conexión co 7º, núm. 1, parágrafo segundo, e 2); o segundo asígnalles ás *seccións sindicais* “dos sindicatos máis representativos” e dos que teñan presenza “nos órganos de representación que se establezan nas Administracións públicas” o dereito “á negociación colectiva, nos termos establecidos na súa lexislación específica” (art. 8º, núm. 2.b). Tense así unha primeira determinación legal dos *suxeitos* ós que se lles recoñece lexitimación para actuaren en representación dos funcionarios públicos nos procedementos de negociación colectiva e determinación das condicións de traballo correspondentes a eles. Nada impide que as normas de desenvolvemento da negociación colectiva funcional amplíen esa inicial determinación; sen embargo, como se terá ocasión de comprobar, non é este o proceder observado ata o presente polo lexislador, plasmado no capítulo III da LORAP, tanto na súa primeira redacción coma na vixente, froito da reforma introducida pola LNC.

2 Na determinación antes mencionada reside unha das principais características do modelo español de

¹ Cfr., entre outras, as sentencias T. Const. 73/1984, do 27 de xuño (BJC, 1984, núm. 39, páxs. 947 e ss.), 51/1988, do 22 de marzo (BJC 1988, núm. 84, páxs. 554 e ss.), e 127/1989, do 13 de xullo (BJC 1989, núms. 100-101, páxs. 1290 e ss.).

² *Ibidem*.

³ Cfr. M. RODRÍGUEZ-PIÑERO: “La negociación colectiva de los funcionarios públicos en la Ley 9/1987”, *RL*, II, 1987, páx. 54.

negociación colectiva no ámbito da función pública, que é a da absoluta *sindicalización* dos suxeitos con capacidade para negociaren ou seren consultados sobre as condicións de traballo dos empregados públicos, o cal marca unha significativa separación en relación coas regras que rexen a capacidade na negociación colectiva *laboral* que contempla o art. 37, núm. 1, Const., e da que desenvolve a súa manifestación máis típica o título III do ET. En efecto, a pesar da existencia de órganos de representación unitaria específicos dos funcionarios públicos (*delegados e xuntas de persoal*), previstos e regulados no capítulo II da LORAP, en ningún momento se lles atribúe a máis mínima intervención respecto á negociación colectiva ou procedemento de consulta que se están a considerar. Esa intervención faise gravitar *exclusivamente* sobre os sindicatos, o que vén a concordar co asentamento da referida negociación no dereito de liberdade sindical *ex art. 28, núm. 1, Const.* e na marxe do seu art. 37, tamén núm. 1, polo que non é obrigado que o lexislador ordinario recoñeza capacidade convencional a outras representacións amais das sindicais. Pola contra, a negociación colectiva laboral garántese-lles, no citado art. 37, núm. 1, Const., ós “representantes dos traballadores”, expresión ampla que resulta incompatible coa atribución do exercicio do dereito só ós sindicatos⁴.

3 A sindicalización que se contempla presenta dous trazos definitorios sobre os que convén deterse. En primeiro lugar, igual que acontece nos niveis supraempresariais da negociación colectiva laboral, lévase a cabo establecendo unha selección de organizacións sindicais, de modo que non todas elas van poder ser parte dos acordos ou pactos concluídos ou das consultas celebradas. Tal selección, incardinada no proceso de promoción legal dos sindicatos que están en disposición de asumiren con maior eficacia a tutela dos intereses representados, realízase atendendo á “representatividade” do sindicato en cuestión, medida a través dun índice admitido como razoable e obxectivo, que é o da “audiencia electoral”, isto é, o número de representantes unitarios elixidos de entre as candidaturas presentadas por aquelas eleccións convocadas para cubri-los postos corres-

⁴ Cfr. M. ALONSO OLEA: *Las fuentes del Derecho, en especial del Derecho del Trabajo según la Constitución*, Civitas, Madrid, 1982, páxs. 117-118.

pondentes ós ditos representantes. O resultado é a presenza nas denominadas “mesas de negociación”, ou, se é o caso, no procedemento de consulta, de representantes designados unicamente polos sindicatos *máis representativos* a nivel estatal ou de comunidade autónoma, directamente ou por “irradiación”, así como polos *abondo representativos*⁵, ben entendido que a representatividade se establece no primeiro caso computando os representantes unitarios obtidos non só no sector funcional (xuntas e delegados de persoal), senón tamén no laboral (comités de empresa e delegados de persoal)⁶, mentres que no segundo se toman en consideración unicamente os logrados no indicado sector funcional, conclusión á que conduce unha interpretación correctora do defecto de redacción do art. 7º núm. 2, LOLS⁷, e que encontra aval na propia LORAP, que vincula a devandita abonda representatividade á consecución, enténdese que no ámbito correspondente, do dez por cento ou máis de representantes nas eleccións para delegados e xuntas de persoal⁸, separando, xa que logo, esta abonda representatividade nos ámbitos da función pública doutra propia dos ámbitos laborais. Noutros termos, mentres que o sindicato máis representativo o é necesariamente en ámbolos tipos de ámbitos, o abondo representativo pode selo só nun deles, e de ser este o funcional, non se lle pode negar capacidade convencional no ámbito funcional que corresponda, aínda que careza dela en calquera outro ámbito funcional do sector laboral por non contar nel con, alomenos, o dez por cento dos membros de comités de empresa e delegados de persoal. Interpretado literalmente, o citado precepto da LOLS leva ó absurdo de facer inviable a figura da abonda representatividade, pois nun ámbito funcional específico como é o constituído por calquera nivel da función pública ou outro imaxinable do sector laboral, non poden obterse representantes asociados a órganos de representación unitaria impropios do sector (funcional ou laboral) ó que pertence aquel.

Volvendo de novo sobre a “maior representatividade”, ó se determinar en función dos representantes unitarios conseguidos nos sectores laboral e funcional, pode darse o caso, aínda que non sexa certamente a situación actual, de que organizacións sindicais con es-

⁵ Cfr. arts. 30, parágrafo segundo, e 31, núm. 2, da LORAP. A tales preceptos remite, para determinalos suxeitos lexitimados en relación co procedemento de consulta, o seu art. 34, núm. 2.

⁶ Así se desprende dos arts. 6º, núm. 2.a e 7º, núm. 1. a, da LOLS, que refiren a meirande representatividade a nivel estatal ou de comunidade autónoma ó logro nun ou outro ámbito de, alomenos, o dez ou o quince por cento, respectivamente, do total de delegados de persoal, membros de comités de empresa e membros dos órganos de representación unitaria dos empregados públicos. Acepta a conclusión exposta no texto, aínda que se mostra crítico con ela, S. DEL REY GUANTER: *Estado, sindicatos y relaciones colectivas en la función pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 1986, páxs. 100-104. Sobre o particular vid., así mesmo, J. GARCÍA MURCIA: “Libertad sindical y representatividad de los sindicatos en la función pública”, en *Seminario sobre las relaciones colectivas en la función pública*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla y BOJA (Sevilla, 1989, ?), páxs. 190-191.

casa ou nula implantación entre os empregados públicos teñan, sen embargo, dereito a estaren presentes nas mesas de negociación ou seren consultadas, por acadaren xa a maior representatividade só cos representantes unitarios logrados no sector laboral, que son moitos máis cós que procede elixir no funcionarial; ou por estaren vinculadas a federacións ou confederacións que teñan a consideración de máis representativas de acordo coa LOLS (maior representatividade por *irradiación*). Por outra banda, dado que o número de representantes que se elixen na función pública é moi inferior ó correspondente ó sector laboral (o número de persoas vinculadas por contratos de traballo é moi superior ó de empregados públicos), calquera sindicato que agrupe exclusivamente empregados públicos dificilmente poderá acadala condición de máis representativo, de modo que a súa presenza nas mesas de negociación ou nos procedementos de consulta dependerá ben da súa consideración de “abondo representativo”, por contar con, alomenos, o dez por cento dos membros dos órganos de representación unitaria dos empregados públicos, ou ben da súa integración nunha federación ou confederación sindical máis representativa de carácter xeral (*irradiación*), e nese caso nin sequera tería que acreditar unha mínima “audiencia electoral” dentro do sector funcionarial. En suma, a existencia de te-la condición de maior representatividade favorece claramente, pola forma en que se determina esta, as organizacións sindicais de carácter xeral, que despregan a súa actividade principalmente no sector laboral⁹, o que conduce, na práctica, a unha limitación da presenza dos sindicatos de base exclusivamente funcionarial nas mesas de negociación e procedementos de consulta, á vez que propicia ou estimula a súa integración en organizacións sindicais de traballadores ou xerais, de ampla base territorial (estatal ou de comunidade autónoma) e con isto, o proceso de concentración sindical. Aínda así, non se lles pechan as portas ós sindicatos de base funcionarial que decidan non levar a cabo a apuntada integración, pois estes poderán ser parte dos acordos, pactos ou consultas sempre que acrediten a audiencia electoral que os faga abondo representativos no ámbito correspondente: “O sindicalismo puramente sectorial atopa aí a súa praza”¹⁰.

⁷ Cfr. S. DEL REY GUANTER, *op. cit.*, páxs. 100-101; M. GARCÍA FERNÁNDEZ: *Manual de Derecho del Trabajo*, Ariel, Barcelona, 1990, páx. 155.

⁸ Cfr. arts. 30, parágrafo segundo, e 31, núm. 2, LORAP.

⁹ Sobre esta realidade vid. J. GARCÍA MURCIA, *op. cit.*, páxs. 192-193.

¹⁰ M. GARCÍA FERNÁNDEZ: “Representatividad sindical y negociación colectiva en el sector público”, *Actualidad laboral*, 1988, núm. 42, páx. 2466.

4 En canto ó segundo dos trazos da sindicalización dos suxeitos con capacidade convencional na función pública, este vén definido pola lexitimación para negociar das *seccións sindicais*.

Conforme á LOLS (art. 8º, núm. 2.b), as seccións sindicais dos sindicatos máis representativos e dos que teñan presenza nos órganos de representación unitaria constituídos nas Administracións públicas teñen dereito “á negociación colectiva, nos termos establecidos na súa lexislación específica”. Sen embargo, esta lexislación, representada hoxe en día pola regulación contida no capítulo III da LORAP, contempla unicamente a intervención na negociación ou nas consultas das organizacións sindicais, omitindo toda atribución de lexitimación ás seccións sindicais, á diferenza do que sucede na negociación colectiva laboral, na que a dita lexitimación se prevé expresamente (art. 87, núm. 1, ET). A explicación dunha e outra situación reside na distinta configuración das unidades de negociación nos sectores laboral e funcional. Mentres que na negociación colectiva laboral non existe predeterminación legal das unidades de negociación, ocorre todo o contrario na que afecta ós empregados públicos, na cal estas son as *amplas* e *ríxidas* que establece a LORAP (art. 31), sen prexuízo da relativa dose de liberdade que supón concederlle á mesa xeral de negociación (da Administración do Estado ou da cada comunidade autónoma ou entidade local) a posibilidade de decidi-la constitución de mesas sectoriais específicas “en atención ó número e peculiaridades de sectores concretos de funcionarios públicos”. En semellante contexto, existe na función pública unha xeral falta de coincidencia entre o ámbito das diferentes mesas (ou unidades de negociación) legalmente previstas e aquel en que se constitúen as seccións sindicais, moito máis reducido có primeiro, o que dificulta as posibilidades que teñen estas de exercitaren a súa competencia negociadora e permite comprenderlo silencio que ó respecto garda a LORAP. Agora ben, tal silencio, que cabe imputarlle á crenza do lexislador de que, coa amplitude das unidades / mesas de negociación que expresamente configura, carece de sentido formularse a capacidade convencional ou de consulta das seccións sindicais, non debe conducir a pensar que é absoluta-

¹¹ A posible formación de mesas sectoriais distintas das relacionadas no art. 31, núm. 1, da LORAP, por decisión da xeral, non se circunscribe á Administración do Estado, senón que cabe tamén en cada comunidade autónoma e mesmo en cada entidade local, en ámbolos casos se así o acorda, de novo, a correspondente mesa xeral. Téñase en conta ó respecto que o dito precepto da LORAP, aínda que contemple só a facultade da mesa xeral da Administración do Estado para decidi-la constitución doutras mesas sectoriais á parte das expresamente previstas, non é norma “básica” no sentido do art. 149.1.18º, Const. (cfr. disposición final LORAP), que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva para regular as bases do réxime estatutario dos funcionarios ó servicio das diferentes Administracións públicas, polo que non pode impedir a unha comunidade autónoma ou entidade local concederlle igual facultade á mesa xeral que nela se constitúa. Cfr. A. OJEDA AVILÉS: “Los derechos de representación y negociación de los funcionarios públicos según la Ley 9/1987, de 12 de junio”, *RL*, II, 1988, páx. 212; J. LÓPEZ GANDÍA: “La negociación

colectiva de los funcionarios públicos (la Ley 9/1987, de órganos de representación, determinación de las condiciones de trabajo y participación)", *Revista de Treball*, Generalitat Valenciana / Conselleria de Treball e Seguretat Social, núm. 8, 1988, páx. 17.

¹² M^a F. FERNÁNDEZ LÓPEZ e J. CRUZ VILLALÓN: "Los sindicatos en la función pública: régimen jurídico y representaciones sindicales en el centro de trabajo", en *Seminario sobre las relaciones colectivas en la función pública*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla, páx. 235.

¹³ Cfr. art. 35, parágrafo primeiro, LORAP.

mente impracticable na función pública o dereito destas á negociación colectiva e, se é o caso, a seren consultadas. Se se parte, como aquí se fai, de que a LORAP conta con que o ámbito que lles dá ás mesas que determina converte en superflua a mención da capacidade convencional e de consulta das seccións sindicais, o certo é que a realidade pode malograr semellante previsión, non tanto á vista das mesas de negociación heteronómicamente fixadas como polas sectoriais que poida decidir constituír unha mesa xeral en uso da única fírgoa de liberdade que permite a lei en relación co establecemento das unidades de negociación; e se chegase o caso, deberase recoñecer, por imperativo do art. 8^o, núm. 2.b, da LOLS, o dereito das seccións sindicais a negociaren ou a seren consultadas. O mencionado precepto da LOLS presta a cobertura suficiente ó exercicio da capacidade convencional destas, sempre que o ámbito no que se constituísen coincida co da mesa negociadora de que se trate, o cal non é descartable nos casos en que esta sexa das de ámbito máis reducido, equivalente ó que no sector laboral se conceptúa como empresa ou centro de traballo; podería se-lo caso dalgúns das mesas xerais constituídas en entidades locais de pequena dimensión ou, sobre todo, tamén dalgúns das mesas sectoriais que poidan chegar a se constituír por decisión das xerais¹¹, circunstancia que permite considerar que a LORAP "remite á vontade das mesas xerais as posibilidades reais de negociación por parte das seccións sindicais"¹².

5 Identificadas, con carácter xeral (*supra* núm. 3), as organizacións sindicais que poden formar parte das mesas negociadoras mediante a designación dos seus representantes nelas¹³, efectúanse a seguir algunhas previsións sobre cales daquelas teñen, en concreto, a posibilidade de estaren presentes en cada mesa. É a miña intención acomete-lo labor superador das insuficiencias e escuridades que sobre o particular encerra a LORAP, prescindindo de arriscadas operacións interpretativas.

En primeiro lugar, a redacción do art. 30, parágrafo segundo, da LORAP, que forma parte dos preceptos que teñen a condición de normas "básicas" para efectos do art. 149.1.18^a, Const., polo que é de necesaria observancia para tódalas Administracións públicas, non per-

mite dubidar acerca da lexitimación das organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal ou de comunidade autónoma, ou dos entes sindicais federados ou confederados a elas, (“irradiación”) para interviren (designaren representantes) en *calquera* das mesas de negociación que poidan constituírse, sexan estas as xerais, as sectoriais previstas expresamente na Administración do Estado polo art. 31, núm. 1, da LORAP, ou, en fin, as sectoriais formadas na dita Administración ou nas comunidades autónomas ou entidades locais por decisión da correspondente mesa xeral. A maior ou menor audiencia electoral que poidan ter esas organizacións ou entes sindicais no sector específico da función pública, tanto a nivel xeral como en calquera outro ó que vaia referido a negociación de que se trate, non ten incidencia ningunha para os efectos aquí considerados. Pero, ademais, o sindicato máis representativo a nivel da comunidade autónoma ve mellorado (ampliado) notablemente o seu campo de actuación en relación co inicialmente previsto na LOLS e de modo similar ó que acontece na negociación colectiva de carácter laboral. De acordo coa LOLS (art. 7º, núm. 1, parágrafo segundo, en conexión co art. 6º, núm. 3.c), as organizacións sindicais máis representativas no referido nivel e os entes sindicais afiliados ou confederados a elas “gozarán de capacidade representativa para *exerceren no ámbito específico da comunidade autónoma*” a intervención na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos a través dos oportunos procedementos de consulta ou negociación; sen embargo, segundo a LORAP, esas organizacións sindicais e entes sindicais, que acreditan a súa representatividade en función da audiencia electoral obtida exclusivamente na correspondente comunidade autónoma, teñen dereito a estaren presentes nunhas mesas de negociación –a xeral e as sectoriais da Administración do Estado–, que proxectan a súa actividade sobre unidades de negociación de ámbito *estatal*.

En segundo lugar, á parte dos anteditos sindicatos, teñen así mesmo dereito a estaren presentes na mesa *xeral* da *Administración do Estado* aqueloutros que conseguisen, alomenos, o dez por cento dos membros das xuntas de persoal que se constituirán no ámbito da referida

¹⁴ Cfr. M. GARCÍA FER-NÁNDEZ, *op. últ. cit.*, páx. 2468; J. GARCÍA MURCIA, *op. cit.*, páx. 188.

¹⁵ Segundo o art. 31, núm. 2, parágrafo segundo, da LORAP, tales sindicatos, igual cós máis representativos, “estarán en todo caso” nas mesas contempladas.

¹⁶ Sobre este extremo vid. J. GARCÍA MURCIA, *op. cit.*, páxs. 178, 180 e 188.

¹⁷ Tanto esta situación como a relativa á posible intervención do sindicato máis representativo a nivel de comunidade autónoma na negociación que se está a considerar, desenvolvida tendo como contraparte a Administración do Estado e, por conseguinte, un ámbito territorial nacional, responden a regras de capacidade convencional que forman parte das previsións específicas do capítulo III da LORAP e que, conforme o seu art. 30, parágrafo primeiro, completan, en materia de negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos, a “capacidade representativa reconhecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c; 7.1 e 7.2 da Lei orgánica de liberdade sindical”.

Administración, que é na que se vai exercita-lo dereito (art. 31, núm. 2, parágrafo primeiro, da LORAP, en conexión co 30, parágrafo segundo da mesma e o 7º, núm. 2, da LOLS)¹⁴. Tratándose de mesas *sectoriais*, este reconécese, dun lado, tamén ós sindicatos ultimamente citados¹⁵, o que, ó meu xuízo, mellora a regra do art. 7º, núm. 2, da LOLS, pois permítese que organizacións sindicais que acrediten a súa abonda representatividade, non no concreto ámbito funcional afectado pola correspondente mesa sectorial, senón no sempre moito máis amplo do conxunto da Administración do Estado, poidan formar parte da dita mesa, igual cós sindicatos ou entes sindicais federados ou confederados a elas¹⁶, calquera que sexa a audiencia electoral que acadasen no ámbito funcional e territorial sobre o que se vai proxecta-la actividade negociadora daquela e, por tanto, aínda que esa audiencia sexa mínima ou mesmo inexistente¹⁷. Xunto ó dereito que teñen a interviren nas mesas sectoriais as organizacións ou entes sindicais a que acabo de aludir, figura, doutro lado, o atribuído ós sindicatos que contén co dez por cento ou máis dos membros das xuntas de persoal existentes no sector de que se trate, de modo que neste punto o art. 31, núm. 2, parágrafo segundo da LORAP non engade nada novo ó previsto no art. 7º, núm. 2 da LOLS.

Por último, convén ter presente que o núm. 2 do art. 31 da LORAP, o mesmo có seu núm. 1, e segundo a súa disposición derradeira, non constitúe unha norma “básica” para os efectos do art. 149.1.18ª, Const. Este feito permite entender que o precepto en cuestión só se ocupa de regula-la composición da mesa xeral e das mesas sectoriais da Administración do Estado, deixando inédito o tema da que corresponde a iguais mesas de cada comunidade autónoma e entidade local, a cal terá que determinar aplicando as regras da LOLS e aquelas da LORAP que posúan a condición de “básicas” no sentido sinalado, completando unhas e outras, de se-lo caso, coas que en uso das súas competencias normativas poida adopta-la comunidade autónoma ou a entidade local. Estas últimas regras non poden descoñece-la lexitimación para negociar que se desprende das primeiras; pero si poden estendela, por exemplo, ás seccións sindicais. Tendo en conta o exposto, na mesa *xeral* de cada

comunidade autónoma ou entidade local, así como en calquera das mesas sectoriais que decida constituí-la dita mesa xeral, poderán estar presentes, á parte, claro está, dos sindicatos máis representativos, os que conseguisen o dez por cento ou máis dos representantes unitarios elixidos no ámbito da Administración autonómica ou local de que se trate, e segundo que a mesa se constituíse nunha ou outra¹⁸; en consecuencia, a audiencia electoral lograda nunha Administración distinta á que pertence a mesa (a do Estado e a local, se a mesa é de comunidade autónoma; ou a primeira e a autonómica, se a mesa é da Administración local) non é computable para efectos de alcanza-la abonda representatividade que permite a intervención nesta. Conduce a tal conclusión a aplicación conxunta dos arts. 7º, núm. 2, da LOLS e 30, parágrafo segundo, da LORAP, o cal se define como norma "básica" para efectos do art. 149.1. 18ª, Const., coa consecuencia da súa obrigada observancia en todas as Administracións públicas. A indicada aplicación conxunta serve tamén de base para recoñecer que nas mesas sectoriais eventualmente constituídas no ámbito da Administración autonómica ou da local ten igualmente dereito a intervir o sindicato que lograra a devandita porcentaxe de representantes unitarios, pero referida esta porcentaxe, agora, ós representantes existentes no concreto sector funcional ó que se estenda a negociación, sen que exista diferenza en relación coa solución que para a situación equivalente que se dá na Administración do Estado prevé expresamente o art. 31, núm. 2, parágrafo segundo, da LORAP.

6 Ningunha referencia fai a LORAP a temas tan esenciais como a representatividade que ten que acreditarlo conxunto de sindicatos presentes nunha mesa para que esta quede validamente constituída, o que fai xurdir dúbidas acerca de se será preciso, igual ca no sector laboral, que aqueles agrupen a maioría absoluta dos representantes unitarios existentes na unidade de negociación¹⁹; ou que posible tipo de maioría de votos se require para entender validamente adoptado un acordo ou pacto no seo da correspondente mesa de negociación, o que permite considerar que non é preciso a absoluta;

¹⁸ Cfr. M. GARCÍA FERNÁNDEZ, *op. e loc. últ. cit.*

¹⁹ Para OJEDA AVILÉS (*op. cit.*, páx. 214), o silencio da LORAP "debe interpretarse tendo en conta que as negociacións non son *self-executing* [...], e que deben celebrarse mecanicamente unha vez ó ano cando menos: son negociacións desprezadas", o que leva a busca-la resposta correcta á cuestión que formulo no texto partindo da "indiferencia xurídica do número de organizacións que acudan ó chamamento e que permanezan na mesa negociadora durante tódolos seus avatares", se ben, como reconece o autor, "socioloxicamente se producirán conflitos inevitables".

²⁰ Así, o acordo subscrito o 15 de setembro de 1988 polas representacións da Administración do Estado e a Confederación Sindical Independiente de Funcionarios, sobre o incremento de retribucións dos funcionarios da dita Administración en 1989 (BOE do 15 de marzo de 1989); tamén o acordo subscrito entre as mesmas partes o 28 de febreiro deste último ano (BOE do 26 de abril), sobre aplicación dos 5634 millóns de pesetas integrantes do fondo previsto no art. 25 da Lei 37/1988, do 28 de decembro. Outro tanto sucede no pacto sobre permisos e uso de crédito horario para a realización de funcións sindicais e de representa-

ción do persoal ó servizo das institucións sanitarias do INSALUD, subscrito o 30 de xuño de 1989 (BOE do 18 de agosto) entre representantes da Administración sanitaria do Estado e a central sindical Unión General de Trabajadores.

²¹ Unha crítica da situación exposta en S. DEL REY GUANTER: "La nueva regulación de la negociación colectiva y de la solución de los conflictos colectivos en la función pública", *RL*, I, 1991, páxs. 286-288. Segundo o autor, "por un lado, seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional respecto ós arts. 14 e 28.1 CE, resulta difícil de especificar unha xustificación obxectiva e racional que fundamente un trato diferenciado dos sindicatos da transcendencia do que contén" o actual art. 33 da LORAP e, "por conseguinte, o dito precepto orixina serias dúbidas de que non esteamos perante unha discriminación lesiva da liberdade sindical. Por outra banda, é tamén difícil encontrar unha xustificación colectiva dos sindicatos con implantación abonda na función pública, o que significaría, no caso de non se encontrar tal xustificación, que estaríamos perante unha limitación innecesaria dun compoñente básico da liberdade sindical segundo o art. 2.2.d da LOLS e, por ende, perante unha afectación negativa do art. 28.1" Const.

de feito, concluíronse acordos e pactos con representantes de sindicatos que constituían minoría en relación co total dos que compuñan a mesa²⁰, deixándose aberta a posibilidade de eventuais e posteriores adhesións doutras organizacións sindicais con presenza nela. En cambio, aproveitouse a reforma levada a cabo pola LNC para regular expresamente a apertura do proceso de negociación e a determinación das materias que van ser obxecto desta. Conforme ó novo art. 33 da LORAP, "o proceso de negociación abrírase, con carácter anual, na data que de común acordo fixen o Goberno ou órganos de goberno das restantes Administracións públicas e os sindicatos máis representativos a nivel estatal e de comunidade autónoma, segundo o disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e comprenderá, de entre as materias relacionadas no artigo anterior, as que ámbalas partes estimen oportuno". O resultado, á vista está, é unha maior selección dos sindicatos lexitimados para intervir en nun acordo de contido tan transcendental para o desenvolvemento dos procesos de negociación como é o que contempla o precepto, á vez que unha significativa restricción das atribucións implicitamente recoñecidas ás mesas xerais de negociación na versión inicial do capítulo III da LORAP. Os sindicatos abondo representativos nun determinado nivel da función pública, con lexitimación para estaren presentes na mesa de negociación na que quede comprendido o dito nivel, non teñen a mínima oportunidade de participaren na fixación da data en que van comeza-las negociacións das que van ser parte e, o que é máis grave, na das materias sobre as que van versar estas, co que experimentan, en definitiva, unha clara limitación do seu dereito a negociaren colectivamente²¹.

7 Do lado da Administración cabe distinguir entre o órgano administrativo que pode ser *parte* dunha consulta, pacto ou acordo, e o seus *representantes* na consulta ou nas mesas de negociación, que oírán ou negociarán en nome do dito órgano e respecto ós que, tratándose da negociación, se faculta ó Goberno, ós consellos de Goberno das comunidades autónomas ou ó órgano co-

responsable das entidades locais (o Pleno), segundo sexa o ámbito daquela, para determinar "as instrucións a que deberán a terse" (art. 37, núm. 1, LORAP; art. 3º, núm. 2.b, LRFP, este último en relación coa Administración do Estado exclusivamente). Parte pode ser, na *Administración do Estado*, o Ministro para as Administracións Públicas (antes Ministro da Presidencia), do que depende organicamente "todo o persoal ó servizo" da Administración considerada²². Vaino ser, desde logo, se as materias obxecto da consulta ou negociación afecta ó conxunto dos empregados públicos ó servizo da referida Administración; agora ben, se os afectados só constitúen un sector destes e as materias caen dentro do ámbito de competencias do Departamento ministerial ó que están adscritos, intervirá como parte o correspondente Ministro; e así, por exemplo, na mesa sectorial do persoal funcionario das Universidades estará presente, a través dos representantes que designe, o Ministro de Universidades; ou na mesa sectorial do persoal ó servizo das institucións sanitarias públicas, o Ministro de Sanidade e Consumo. *Mutatis mutandis*, o esquema anterior é trasladable á Administración das comunidades autónomas.

Certamente, os pactos e acordos deben especificar "as partes intervinientes" (art. 35, parágrafo cuarto da LORAP), pero a práctica mostra unha xeral imprecisión nesta determinación, e, por exemplo, simplemente se fai referencia á Administración do Estado²³ ou á Administración sanitaria do Estado²⁴. Polo demais, o Goberno da Nación ou dunha Comunidade Autónoma, ou o pleno dunha Entidade local, non son xuridicamente partes contratantes²⁵. Cousa distinta é que, á parte das instrucións que cada un deles poida impartir ós que van negociar, os denominados "acordos", caracterizados por versaren sobre materias da competencia destes órganos, deban ser aprobados por estes, nos seus respectivos ámbitos, para alcanzaren validez e eficacia (art. 35, parágrafo terceiro da LORAP). 

²² Art. 2º da LRFP. Cfr. art. 4º, núm. 2.a, desta e disposición adicional primeira da LORAP.

²³ Así, amais dos dous acordos cits. *supra* nota 20, o acordo sobre negociación colectiva dos funcionarios públicos, asinado o 6 de abril de 1990 (BOE do 18 de xuño) entre representacións da indicada Administración e as organizacións sindicais Unión General de Trabaxadores e Comisiones Obreras.

²⁴ Así, o acordo suscrito o 7 de outubro de 1988 entre a dita "Administración" e a Confederación Sindical Independente de Funcionarios (BOE do 28 de xuño de 1989), ou o pacto suscrito o 17 de xullo de 1990 (BOE do 8 de setembro) entre a mesma "Administración" e a organización sindical ultimamente mencionada, amais de Comisiones Obreras, relativo a diversos asuntos estatutarios e de carreira profesional do persoal estatutario que presta servizos nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

²⁵ Cfr. S. DEL REY GUANTER: *Estado, sindicatos y relaciones colectivas en la función pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 1986, páx. 165.

José
Vilas
Nogueira

Catedrático de
Dereito Político.
Decano da Facultade de
Ciencias Políticas e Sociais da
Universidade de Santiago

A Administración Pública no proceso estatutario de Galicia na II República

Se entendemos por Administración Pública un complexo orgánico destinado a implementar e desenvolver as directrices e medidas de goberno de órganos políticos superiores, o chamado Poder Executivo, particularmente o goberno, na acepción institucional desta palabra, e se referimos estas nocións ó nivel autonómico, a primeira constatación é que o *Proxecto de Estatuto de Autonomía* da etapa republicana non contén, á diferenza do actual, un título (hoxe o III) dedicado á “Administración Pública galega”. Queda fóra de dúbida que o sistema autonómico, daquela coma agora, autorizaba e mesmo impoñía a creación e organización dunha Administración Pública autonómica, pero as liñas definitorias da mesma non foron incorporadas ó *Estatuto*.

Non é estraño, mesmo acontece respecto dalgúns Estatutos de Autonomía actuais; aínda que non do galego. Así, segundo Carro Fernández-Valmayor (1991a, 758): “a razón da presenza (por vez primeira) no Estatuto ga-

lego dunha norma xeral que expresamente reconece a potestade autonómica de autoorganización administrativa, pode estar (...) na necesidade de realzar tamén o papel do Estatuto no campo organizativo; é moi sintomático, neste sentido, que ó tema da Administración Pública se lle dedique especificamente todo un Título, o terceiro, do Estatuto, circunstancia que non se dá, por exemplo, nos Estatutos vasco, catalán ou andaluz". Esta finalidade preferentemente simbólica parece vir confirmada pola brevidade desta regulación, e, o que é máis, a súa escasa definición (cfr. así mesmo Carro Fernández-Valmayor, 1991b, especialmente, pp. 506-516).

Respecto do momento histórico que me cómpre considerar, hai varias explicacións para esta ausencia. A primeira, de tipo xeral, é a irrelevancia constitucional que se lle atribuíu á consideración da Administración Pública. Así, a Constitución de 1931, á diferenza da actualmente vixente (Título IV, Do Goberno e da Administración) non regula esta materia. A segunda, máis particular, fai referencia á contraposición que desde a perspectiva diferencialista se practicaba daquela entre Administración e Política, no sentido de que os partidos e axentes sociais máis moderados ou menos rupturistas respecto da cuestión da estruturación territorial do poder do Estado postulaban unha mera descentralización "administrativa"¹. Pola contra, os máis radicais ou máis rupturistas querían fórmulas federais ou, cando menos, de autonomía "política". Dado que esta segunda óptica foi a que se impuxo no proceso estatutario, non é, pois, sorprendente a ausencia dunha referencia global á Administración Pública autonómica.

A situación, cun certo ar paradoxal e algo máis matizada, persiste. Os máis moderados nas posturas políticas diferencialistas son, frecuentemente, os que pulan máis por unha Administración diferenciada. O ar paradoxal deriva:

(i) da especial importancia actual do Goberno, no sentido de órgano do poder Executivo (que esta relevancia sexa consecuencia dun proceso de debilitamento do Parlamento ou derive, simplemente, dunha ollada máis realista por parte dos observadores, é, para os nosos efectos, irrelevante, e

¹ Por exemplo, na asemblea da Coruña, do 4/10/1931, Cornide Quiroga criticou o "mal endémico" de España da desmedida preocupación política, en detrimento dunha visión pragmática.

² Traducción: "Desde o momento en que o poder executivo político nun sistema parlamentario inclúe inevitablemente tanto funcionarios coma políticos electos, esta disposición elimina a dicotomía artificial, que atopamos nos países angloamericanos, entre os que fan políticas partidistas e non partidistas. As prácticas europeas unen nun único poder executivo político os que gañan o cargo por medio do triunfo nas eleccións

cos que chegaron a el por mostraren a súa experiencia como funcionarios recrutados con criterios meritocráticos e que alcanzan o goberno por mor das súas destrezas políticas, administrativas e programáticas”.

³ A posibilidade dun “federalismo de execución” foi defendida, en referencia á vixente Constitución de 1978, a través da explícita previsión do seu art. 149.1, parágrafos 7º, 17º, 27º e 28º. Estes preceptos posibilitarían que as Comunidades Autónomas asuman nos seus Estatutos competencias de execución de normas, a formulación das cales reservou o Estado para si como competencia exclusiva. Ademais, a posibilidade dunha competencia autonómica de execución pode entenderse implícita na formulación constitucional da competencia estatal (cfr. García de Enterría, 1983, 21-22). Se isto é plausible, a admisibilidade dun “federalismo de execución” no cadro da Constitución de 1931 precisa de menos esforzo dogmático, dados os termos do seu artigo 15 (e mesmo do 18).

(ii) da confusión crecente entre capacidades de Goberno e Administración: dáse unha particular relevancia entre nós, e en xeral nas grandes nacións do occidente europeo (continental), da “administrativización” da acción de Goberno.

Naturalmente, o significado desta “administrativización” é equívoco. Por exemplo, un enunciado como o do Título IV da actual Constitución, “Do Goberno e da Administración”, e mesmo o rango ordinal que se lle atribúe no conxunto da Constitución, pode ser celebrado como expresión de consecuencia co carácter de “mero” fiduciario, en réxime parlamentario, do Goberno respecto do Parlamento. Deixando á parte esta cuestión e alén de preocupacións normativas, parece que se pode concordar en que se dá unha integración entre elites gobernamentais e administrativas: “Since the political executive in a parliamentary system inevitably involves both civil servants an elected politicians, this provision removes the artificial dichotomy between partisan an non-partisan policy-makers found in Anglo-American countries. The European practices unites in a single political executive those who have gained office by winning elections an those who arrived by displaying expertise as civil servants recruited on meritocratic grounds and rising within government on the basis of policy-making, administrative and political skills” (Rose, 1991, 13)².

Por outro lado, a “administrativización” revélase na importancia cuantitativa e na relevancia práctica da normativa infralegal, consecuencia non só da extensión da actividade do Estado, senón tamén da presión “racionalizadora” en referencia á actividade do Goberno e da Administración, traducción, a primeira vista paradoxal, pero só a primeira vista, da súa redución ó papel de árbitro entre demandas e intereses corporativos enfrontados.

Volvendo á ecuación moderantismo político diferencialista = “radicalismo” administrativo, esta pode derivar non só do terreo das ideas ou concepcións políticas, senón dos propios institutos legais, mesmo constitucionais³. Refírome á posibilidade de “federalismo de execución” ou de “Administración única”, etc.

Así, como xa dixen, no Proxecto de Estatuto “republicano” (o que foi sometido a referéndum o 28 de xu-

ño de 1936) non atopamos unha consideración global e orgánica da Administración Pública Autonómica. Hai unha terceira razón para explicármonos esta ausencia. É que, fóra do terreo da configuración dos órganos do poder rexional e da delimitación das competencias, dábase por suposto que a organización e principios da Administración se deberían axustar ós criterios xerais. Por iso, as referencias a cuestións administrativas están dominadas polo que poderíamos chama-lo principio de particularidade, por relación ás singularidades, reais ou presuntas, que presentaba Galicia.

Unha última circunstancia merece mención. A técnica dos proxectos desta etapa é, a penas sen excepción, abondo ruín, de xeito que se, por veces, son perceptibles orientacións políticas xerais, é imposible discutir seriamente a súa concreción técnica. Por tanto, encóntrome na incómoda, aínda que non insólita, situación de ter que falar do que non existe.

Na medida en que este Proxecto lle atribúe á Rexión certas competencias, a necesidade daquela Administración Pública *va de soi*. A cuestión é se se pode descubrir algún trazo relevante dos designios de configuración dunha tal Administración nesas preceptos e nas particulares referencias a institucións de Dereito administrativo ou a temas parciais de natureza administrativa. Moi caracterizadamente, esta “sobreentendida” Administración Pública Autonómica aparece respecto das atribucións da Rexión (cfr. arts. 14, 15, 16 e 17).

Entre as referencias impostas polo principio de particularidade, son abondosas as relativas a algunha Administración pública especializada, en particular á “Administración de Xustiza” (art. 13). Certamente, a utilización da palabra “Administración” por referencia á Xustiza ten un sentido máis xenérico e máis próximo da súa orixe etimolóxica que cando se fala de “Administración pública” *tout court*, revelado na frecuente utilización como sinónimos das expresións “administrar xustiza” e “impartir xustiza”. Naturalmente, aquí referireime só ós aspectos realmente administrativos da xustiza e non ás cuestións propiamente xurisdiccionais.

Outras referencias, estas máis xerais, á Administración Pública contéñense na regulación do réxime tran-

sitorio, no que se regulan aspectos atinxentes ós dereitos adquiridos polos funcionarios e ó traspaso de servizos administrativos do Estado á Rexión (particularmente, arts. 38 a 40).

En todo caso, o texto do Proxecto definitivo é resultado dun proceso no que concorreron, e por veces confluíron, diversos proxectos anteriores. O recurso a eles pode servir de termo de comparación co texto definitivo, axudándonos na delimitación das ideas que sobre a Administración Pública tiñan os participantes no proceso⁴.

A organización da Administración Pública Autónoma: principios xerais.

O artigo 39 do Estatuto de Autonomía hoxe vixente somete a organización da Administración Pública Autónoma ós principios xerais do Estado. Segundo o art. 103.1 da Constitución de 1978, os principios a que se debe axustar a Administración Pública son os de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación e legalidade. Evidentemente, estaría fóra de lugar aquí unha crítica desta formulación, ó meu modo de ver, moi deficiente por canto mestura indiscriminadamente criterios técnicos (principio de eficacia) e principios xurídicos, e entre estes, principios de estruturación dunha única Administración (desconcentración), principios de articulación de varias Administracións públicas (delegación) e principios reveladores da proxección institucional da soberanía e da xerarquía de poderes (principio de legalidade)⁵. Por outra parte, o art. 36.2 da Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu Presidente (na redacción da Lei 11/1988, do 20 de outubro) fai unha enumeración máis proliza e non menos heteroxénea: “a actuación da Administración axéitase ós principios de legalidade, obxectividade, servizo ó interese xeral, publicidade, eficacia, xerarquía, economía do gasto público, desconcentración e coordinación entre os seus órganos”.

O que nos interesa é a cuestión: ¿atópase algo seme-

⁴ Para a cuestión do proceso estatutario nesta etapa e a caracterización xeral da orientación política dos diversos proxectos, cfr. Vilas Nogueira (1975, 137-167).

⁵ Segundo Roversi Monaco (1980, 598), “descentralización e xerarquía son principios antitéticos; amoraes nunha única norma ten tan só o efecto de transformar unha importante enunciación de principios nunha simple lista”. En realidade non hai antítese; o que hai é heteroxeneidade, pois a xerarquía refírese a posicións e relacións funcionais no seo dunha organización, e a descentralización a relacións intersubxectivas entre diversas organizacións, solitamente entre Administracións Públicas.

llante no proceso estatutario da etapa da II República? De modo xeral e explícito, non. Particularmente (a propósito das competencias de *Sanidade e Beneficencia, asistencia e previsión*, Base X do proxecto do *Secretariado de Galicia en Madrid* (SGM)⁶ e de modo indirecto, si. Abondo torpemente, hai unha proclamación dos principios de eficacia, descentralización e coordinación, por referencia ós actuais principios constitucionais, e de servizo ó interese xeral e economía do gasto público, por referencia ós principios da actual Lei da Xunta e do seu Presidente; tamén, pero non xeneralizable, en canto pode ser predicable só das materias ás que se refire o texto, do principio de subsidiariedade (respecto de iniciativas privadas) da actuación administrativa. De acordo con este texto, a Rexión debería emprender unha profunda rectificación administrativa segundo un plan integral, informado pola idea de que tales servizos, e mailo ensino, necesitan unidade de principios e de xestión, e que lles cómpre variedade e multiplicidade de iniciativas, pero que requiren coordinación suprarrexional. En Sanidade, en Beneficencia, en Asistencia e Previsión, as Rexións deberían *adapta*-la lexislación e *secunda*-la xestión do Estado. Tócalle ó Estado a lexislación, *flexible* e *adaptable* pola Rexión ás súas peculiares necesidades e medios, e a xestión fundamental, de iniciativa e inspección superiores, destes servizos; e á Rexión, a regulación de adaptación e desenvolvemento, a xestión secundadora e aplicadora e maila suplencia da de particulares, Fundacións, Asociacións e Municipios (cfr. pp. 19-20).

Polo que se refire ós principios de eficacia, economía do gasto público e coordinación, intimamente relacionados e reciprocamente condicionados, apelan á coherencia da organización administrativa e á optimización dos intereses confiados á Administración. Neste sentido, no sentido en que tales obxectivos son inherentes á propia organización administrativa (ninguén postularía seriamente unha Administración ineficaz, dispendiosa e descoordinada), a súa proclamación lexislativa é enteiramente inane no aspecto normativo e sospeita dunha énfase hiperlexitimadora, naturalmente máis “necesaria” no caso, como o que nos ocupa, de propostas de reformulación da organización administrativa. Outra cousa é o problema da comprensión da eficacia referida ás Administracións Públicas, en razón de que constitu-

⁶ *Al País Gallego. Aportación al estudio de su futuro Estatuto regional*, publicado polo Secretariado de Galicia en Madrid, Imprenta del Ministerio de Marina, Madrid, 1931.

tivamente están ordenadas á prosecución dos intereses xerais e sometidas ós principios de legalidade e de respecto da igualdade dos cidadáns, o que comporta certas diferencias, na determinación da eficacia, respecto de organizacións privadas. “Polo demais, incluso dentro da Administración Pública a eficacia está chamada a ter un distinto alcance segundo se predique dunha actuación prestacional ou dunha actuación autoritaria” (Carro Fernández-Valmayor, 1991a, 765).

Organización superior da Administración.

O Proxecto definitivo non di nada sobre a atribución a cada un dos membros da Xunta da responsabilidade dun determinado departamento administrativo. En troques, o do *Seminario de Estudos Galegos* (SEG) establecía que cada Conselleiro sería xefe dun departamento da Administración galega (art. 20) e que lle competía ó Consello “dirixi-la xestión dos servizos públicos do Estado galego” (art. 24, b)⁷.

O SGM, en referencia á *Organización do Poder non xudicial* (Base VII, 3) dicía que a Asemblea de elección popular (este Proxecto prevía, amais, unha Asemblea corporativa) había defini-los cargos e departamentos integrantes da Comisión xestora ou consello do Xefe da Rexión, e que esta había determinar-las delegacións comarcais ou locais que coidase necesarias (cfr. p. 13).

O *Instituto de Estudos Gallegos* (IEG) postulaba unha concepción de goberno rexional máis ben administrativa: “A Deputación Rexional nomeará o seu Consello. Formarán este oito Conselleiros, dous por cada unha das provincias, e un Presidente, que designarán libremente os oito Conselleiros ó se constituir a Deputación” (Base 8)⁸. Por outra parte, o Delegado xeral do Goberno nacional en Galicia, caso de existir, estaría facultado para “chama-la atención da Administración Rexional ou Local cando advirta nas súas funcións manifesta invasión de atribucións propias do Poder do Estado Nacional; e no caso de que non fose reformada a resolución de que se trate, comunicará ó Goberno os antecedentes respectivos ós fins que correspondan” (Base 18).

⁷ *Anteproyecto de Estatuto de Galiza. Elaborado pol-a Seizón de Ciencias Sociaes, Jurídicas i-Económicas do Seminario de Estudos Galegos, para presentar na Asambrea galeguista da Cruña*, Imprenta Paredes, Santiago, 1931 (6 de maio). Hai outra edición, que inclúe o texto do estudo fiscal de Bóveda, Imprenta Casa Antúnez, Pontevedra, (11 de xullo).

⁸ *Proyecto de Bases para el Estatuto Gallego* (2/6/1931), do *Instituto de Estudos Gallegos* (IEG), da Coruña, publicado no periódico coruñés *Adelante*, núm. 65, do 4/6/31, p. 8.

En cambio, no Proxecto da *Federación Republicana Gallega* (FRG) atribúeselle ó Poder Executivo (formado por un Presidente e os Conselleiros ou Ministros que marque a Lei), entre outras potestades, a administración do Estado autónomo (art.18)⁹. Asemade, “en tódalas esferas da Administración quedarán separados o Poder Executivo e o Poder Xudicial” (art. 19). A base oitava deste Proxecto leva o suxerente título de “Garantías para o cumprimento dos servicios públicos”, pero o seu contido non ofrece particular interese. Respecto do réxime transitorio, este mesmo Proxecto establece que para a adaptación dos servicios públicos á nova estrutura autónoma, fixación dos bens, dereitos, documentos e arquivos que deban entregarse ó Estado galego nomearase unha Comisión mixta (art. 39).

Idioma oficial.

O Anteprojecto dicía: “serán idiomas oficiais en Galicia, indistintamente, o castelán e o galego (...). Nas relacións oficiais con autoridades doutras Rexións e do Estado, o idioma oficial será o castelán” (art. 4, par. 1 e 39)¹⁰.

O sistema da cooficialidade fora adiantado xa polo proxecto da FRG. En cambio, o SGM aínda que coidaba que Galicia constituía unha unidade natural, especificada, entre outras, pola especialidade lingüística, atribuíalle ó galego un papel subsidiario. Segundo este Proxecto, o feito de constituír Galicia unha das culturas do mundo realizárase no século XIII, pero xa non era factible, pois desde o XVI, coa unificación política de España, Galicia pasara a integrar unha unidade máis ampla de cultura, a hispánica, que se proxectara na oficialidade do idioma español. Aínda que, polo conxunto deste texto é descartable calquera influencia de John Stuart Mill, esta expresión illada permite evocar algunhas das súas palabras: “experience proves that it is possible for one nationality to merge and be absorbed in another; and when it was originally an inferior and more backward portion of the human race the absorption is greatly to its advantage. Nobody can suppose that it is not more beneficial to a Breton or a Basque of French

⁹ Cito por un exemplar mecanografado, atopado entre os papeis de Alexandre Bóveda.

¹⁰ As citas do Anteprojecto fanse por *Estatuto de Galicia. Anteprojecto formado por la Comisión nombrada en la asamblea gallega que se...*, Tipografía El Eco de Santiago, 1932.

¹¹ Traducción: “A experiencia demóstranos que para unha nacionalidade é posible xurdir e ser absorbida por outra, e cando esta era orixinariamente unha parte de raza humana inferior e máis atrasada, a absorción resulta sumamente vantaxosa para ela. Ninguén pode supoñer que non é máis beneficioso para un bretón ou para un vasco da Navarra francesa ser introducido na corrente de ideas e sentimentos dun pobo altamente civilizado e cultivado –ser un membro da nacionalidade francesa (...)– ca permanecer silente e malhumorado nas rochas propias, as reliquias medio salvaxes do pasado, dándolle voltas na súa pequena órbita mental, sen participación nin interese no movemento xeral do mundo”.

¹² As citas do Dictame da Comisión redactora fanse por *El Estatuto de Galicia y la Asamblea Regional de Municipios*, Tipografía El Eco de Santiago, 1932.

Navarre, to be brought into the current of the ideas and feelings of a highly civilized and cultivated people –to be a member of French nationality (...)– than to sulk on his own rocks, the half-savage relic of past times, revolving in his own little mental orbit, without participation or interest in the general movement of the world” (Mill, 1958, 233-234)¹¹. Non era posible nin pensar que as comunicacións entre autoridades, as instancias a elas dirixidas, os expedientes administrativos, as actuacións xudiciais, as sesións e mailas actas das Corporacións se redactasen no idioma vernáculo e no español. Rodrigo Sanz propuxo outro voto particular que defendía a oficialidade exclusiva do español, co temperamento de recoñece-lo dereito dos galegos, que de feito non o posúan, a expresárense na lingua rexional perante xuíces, mairistrados, fiscais e axentes, auxiliares e depositarios de autoridade administrativa ou xudicial. Nesta liña, a posición extrema veu representada por unha emenda, presentada por un particular, que eliminaba calquera temperamento ou mitigación da oficialidade exclusiva do castelán.

A Comisión redactora enfatizaba que a proposta de cooficialidade tiña fundamento legal no artigo 4 da Constitución, que prevía a posibilidade do “recoñecemento de dereitos polas leis do Estado ás linguas das rexións”; e, sobre todo, en que isto non implicaba o desexo de desprazalo castelán como lingua oficial, nin coacción da liberdade de elección lingüística de cada cidadán, como temía o Círculo Mercantil e Industrial de Vigo. A oficialidade exclusiva do galego non só sería anticonstitucional, senón, segundo a Comisión, prexudicial para as posibilidades culturais de Galicia, como país bilingüe (cfr. Dictame, pp. 16-17)¹².

Unha emenda do notario Manuel Banet Fontenla, de Santiago, propuxo que se dixese que os documentos puidesen ser redactados en galego ou castelán, a pedimento de parte interesada. A Comisión entendeu innecesaria tal precisión, unha vez establecida a cooficialidade de ámbalas linguas. En cambio, especifica respecto das copias de documentos redactados en galego que os fedatarios tivesen que expedir en castelán, que nesos casos inclúan, amais da tradución, o texto galego (cfr. Dictame, pp. 17-19).

A novidade que introduce o Proxecto definitivo, á parte diferencias de redacción, é a inclusión das especificacións relativas a diversas clases de documentos: “serán idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego; pero nas relacións oficiais da Rexión con autoridades doutras Rexións e coas do Estado, usarase sempre o castelán. Todo escrito que se presente a Tribunais e Autoridades redactado en galego será reproducido en castelán cando o pida a parte interesada; e o mesmo farase en canto a resolucións e notificacións de todas clases. As copias de documentos redactados en lingua rexional que os fedatarios expidan en castelán, ben a instancia de parte ou porque haxan de producir efectos fóra de Galicia, deberán conter tamén o texto galego” (art. 4)¹³.

Réxime dos funcionarios públicos.

Pola propia conceptualización da Administración Pública, impónse un réxime estatutario particular para os servidores públicos, un réxime de “funcionariado”, recrutado con base en criterios obxectivos e obxectivables de mérito e capacidade. Isto opera, á súa vez, como límite, por un lado, para as Administracións dependentes da estatal, como a autonómica; pero, tamén, como circunstancia lexitimadora de requisitos ou competencias particulares para os funcionarios empregados en particulares Administracións (sempre que a particularidade se lexitime por razóns de interese público).

No Proxecto a única referencia a esta cuestión atópase no art. 38, a propósito do réxime transitorio, establecendo que “o persoal afecto ós servizos de tódalas clases que neste Estatuto se asignan á Rexión será respectado en cantos dereitos teña adquiridos na data de promulgación daquel, sen que lle sexa aplicable a existencia de coñecemento da lingua galega; pero as autoridades rexionais poderán face-la súa distribución acomodándoo á nova organización que se dea a Galicia” (art. 38).

Nos proxectos anteriores encóntrase un precepto moi singular, o art. 40 SEG, tamén incluído nas “Disposicións transitorias” (Título VII), que dicía que os funcionarios que, ó entrar en vixencia o Estatuto, exercen as súas funcións en Galicia, conservarían os seus cargos axei-

¹³ As citas do Proxecto definitivo fanse por *El Estatuto de Galicia y la Asamblea Regional de Municipios*, Tipografía El Eco de Santiago, 1932, pp. 56-57.

tados á nova estruturación administrativa, sempre que fosen galegos. Sorprendentemente, pola vía do réxime transitorio, introducíase unha esixencia da condición administrativa de galego para o exercicio da función pública, aparentemente en calquera Administración, en Galicia. Que unha pretensión tan maximalista se formulase dun xeito tan pouco directo, só pode ser achacable a unha insidia, abondo inxenua ou, o que é máis probable, a erros de expresión e, eventualmente, de integración de aportacións de diversos integrantes do relatorio.

Na base 8ª do Proxecto da FRG, cun estilo que faría as delicias dun conspicuo sindicalista, o Estado Galego obrigábase a garantir a tódolos seus funcionarios un mínimo de soldos e dereitos activos e pasivos, polo menos iguais ós dos funcionarios do Estado Federal da mesma categoría (art. 29); e en tódolos servicios traspasados ó Estado Galego, este obrigábase a conservar os funcionarios existentes cos mesmos soldos e dereitos activos e pasivos de que gozasen no momento e puidesen gozar no futuro, consonte cos seus regulamentos orgánicos, garantindo sempre o respecto ós dereitos adquiridos (art. 30).

En particular, a obriga de coñecemento do galego.

Unha das preocupacións máis constantes e comúns en todo o proceso estatutario foi a de tratar que os funcionarios públicos que exercesen en Galicia coñecesen o idioma galego. Este obxectivo pode ser considerado en dous aspectos; por un lado, como unha finalidade máis de preservación ou salvagarda da particularidade lingüística de Galicia¹⁴; por outro lado, como unha garantía para os administrados, que podían por tanto ter a seguridade de seren rectamente entendidos ó se expresaren en galego.

Por outro lado, o réxime de cooficialidade idiomática, e mesmo o simple recoñecemento do dereito dos administrados a se dirixiren a autoridades e funcionarios en galego, manifestados nos diversos proxectos, xeneralizaban a cuestión da posesión do idioma rexional como condicionante do exercicio da función pública en Galicia.

¹⁴ "En España a cuestión das linguas rexionais estivo na base dos diversos autonomismos. A obtención dun estatuto xurídico que respectase estes idiomas foi unha das razóns máis invocadas do desexo de autonomía" (Vilas Nogueira, 1975, 241).

Naturalmente, este obxectivo foi particularizado de diversas formas, segundo os distintos Proxectos. Os eixes de articulación destas diversas solucións son a alternativa entre a esixencia de competencia lingüística galega para todo tipo de funcionarios ou reducida só a algúns; e a alternativa entre a obrigatoriedade da competencia lingüística galega ou o fomento ou promoción da súa adquisición (por exemplo, primando nos concursos e oposicións ós funcionarios que teñan esa competencia).

O mínimo común denominador nesta materia foi a esixencia de competencia lingüística (no sentido de capacidade de comprensión) en galego para certos funcionarios públicos (no sentido lato da expresión), por razón das súas funcións, como xuíces e notarios, e non por referencia á súa integración no complexo orgánico da Administración autonómica, o que indica unha primacía do argumento lexitimador de garantía do administrado respecto do de defensa da particularidade lingüística rexional. Nese sentido, o precepto estendería a súa vixencia, polo principio da unidade do ordenamento, ás outras Administracións Públicas territoriais, agás lei especial en sentido contrario.

O Anteproxecto dicía que “os funcionarios que actúen na Rexión deberán coñecer-la lingua galega” (art. 4, pár. 2). Nos proxectos anteriores, a esixencia de competencia lingüística galega para os funcionarios viña formulada como condición para o desempeño de todo cargo público en Galicia no proxecto do SEG (art. 2, par. 2).

En cambio, o SGM opinaba que o axeitado se reduciría a que os mestres, notarios, xuíces, fiscais e os seus auxiliares entenderan e puideran usar-la lingua galega. E isto en razón da súa posición de servicio ó público, respecto das persoas non suficientemente instruídas no español. Por iso excluía a necesidade, e mesmo a utilidade, de que tivesen que ser galegos ou de lingua materna galega. Na Base IX, *Ensino*, reiteraba esta posición.

O Proxecto do IEG, tras postular-la utilización indistinta nos actos da Administración Pública dun e outro idioma, establecía a necesidade de que tódolos funcionarios que prestasen servicios en Galicia entendesen a lingua rexional (Base 16). O mesmo sistema, cunha expresión algo máis enfática, foi proposto pola FRG (art. 9)

e o proxecto da Comisión dos Deputados das Provincias Galegas, coa particularidade, neste caso, de admitir excepcións xustificadas establecidas por lei (art. 4)¹⁵.

A obriga xeral do art. 4 do Anteproxecto viña reiterada expresamente para os Rexistradores da Propiedade no art. 14, C), e respecto dos Notarios, que para os efectos desta exposición asimilamos ós funcionarios públicos, neste caso pola vía de considerar esta competencia lingüística como criterio de preferencia nos concursos: “o nomeamento de Notarios farase polo Poder rexional mediante oposición ou concurso axustados ás leis da República; e a eles serán admitidos tódolos funcionarios do Corpo con iguais dereitos, pero dando preferencia ós que acrediten máis perfecto coñecemento da lingua e da lexislación galegas” (art. 14, C, par. 2).

Un voto particular de Santiago Montero Díaz viña propoñe-lo mesmo que o Anteproxecto, e tamén a emenda presentada polo Partido Republicano Radical Agrario, de Pontedeume, que realmente só introducía de novo a pretensión de que se excluísese expresamente excepción ningunha (cfr. Dictame, p. 16). En cambio, o voto particular de Rodrigo Sanz, introducía matices significativos, xa que, por un lado, a obriga dos funcionarios reducíase á utilización oral do galego usual cos cidadáns que non posúisen de feito o idioma español e, por outro, aínda que formulada de xeito xeral, a súa redacción evidenciaba que se refería basicamente a xuíces, maxistrados, fiscais, axentes xudiciais e mestres do rural. A emenda presentada polo notario, D. Ramón Freireiro Lago, do Carballiño, viña coincidir co criterio do Anteproxecto, ó propoñe-la esixencia de competencia lingüística galega a tódolos funcionarios públicos, coa particularidade de pedi-la integración neste artigo do que o emendante chamaba cooficialidade escolar de galego e español (cfr. Dictame, p. 16).

Unha emenda do notario D. Manuel Banet Fontella, de Santiago, pedía que se aclarase que os concursos para nomeamento de Notarios serían convocados pola Rexión mesma. En canto ó persoal de Xustiza, a Comisión preferiu integra-lo seu réxime no artigo 13. Pero, pese a que o seu Dictame fai protestas do contrario, non se explicita unha obriga específica de competencia lin-

¹⁵ Cito por folla solta, sen pé de imprenta.

güística para xuíces e maxistrados (cfr. Dictame, p. 30). A argumentación da Comisión non é nada convincente, porque entende implícita tal obriga no mero nomeamento pola Rexión. Consecuentemente no se explica por que nun caso, Notarios e Rexistradores, se explicita como requisito, e noutro, persoal da Administración de Xustiza, se considera implícito.

A emenda do Partido Republicano Federal de Izquierda Gallega, de Santiago, e algunha outra, coincidía co voto particular dos Sres. Sanz e Montero en propoñer, en canto ó nomeamento de Notarios, que o criterio de preferencia para os que acreditasen máis perfecto coñecemento da lingua galega, fose substituído polo da simple obriga de coñecela que se formulaba para os demais funcionarios. Tamén aquí a xustificación da Comisión é moi discutible; di que a especial e delicada función que teñen os Notarios precisaba dun precepto específico, non abondando co simple e vulgar coñecemento do galego (!), declaración formidable, xa que o art. 4 do Anteproxecto non autorizaba a supoñer que a obriga de coñecemento do galego que se lles esixía ós funcionarios en xeral tivese que ser identificada con “simple e vulgar” coñecemento; e por outro lado, o criterio da competencia lingüística como mérito preferente distaba de asegurar que todos, nin sequera a maioría, os notarios seleccionados fosen reuni-la capacidade que a Comisión asociaba á súa “especial e delicada función”. A posición maximalista estaba representada pola emenda do Partido Republicano Radical Agrario, de Pontedeume, que pretendía, anticonstitucionalmente, restrinxir estes concursos a cidadáns galegos (cfr. Dictame, pp. 30-31).

O Proxecto definitivo só introduce, respecto do Anteproxecto, algunha variante de redacción non significativa: “os funcionarios que se designen para actuar na Rexión deberán acreditar coñecemento da lingua galega” (art. 4). Por outro lado, di que: “o nomeamento de Notarios farase pola Rexión mediante oposición ou concurso convocados pola mesma e axustados ás leis da República. A eles serán admitidos tódolos funcionarios do Corpo con iguais dereitos, pero dando preferencia ós que acrediten máis perfecto coñecemento da lingua e do dereito rexionais” (art. 14, C, par. 2).

A Administración local.

É coñecido que, por unha parte, o cuestionamento das provincias, xa fora na súa consideración de entidade local, xa tamén na vertente de circunscrición administrativa, e, por outra, as propostas de nova organización e réxime xurídico que levasen consigo o recoñecemento das comarcas e parroquias como entidades locais propias de Galicia, teñen sido temas constantes nas diferentes pretensións autonomistas.

O Anteproxecto dicía que o territorio de Galicia “comprende o das catro actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra” (art. 1, par. 2), e que corresponde á Rexión “a organización e réxime local de Galicia, sobre a base de plena autonomía do Municipio e recoñecemento de persoa xurídica á parroquia rural, e a división do territorio para estes efectos” (art. 14, a).

Respecto ós antecedentes no proceso estatutario, o proxecto do SEG atribuíalle ó Estado galego a competencia de organización local (art. 29, b), especificando que tal organización se faría por lei a base de concellos nas vilas e de parroquias e agrupacións de parroquias no agro (art. 31). Pola súa parte, o SGM abundou amplamente na peculiaridade do concello rural (Base II). Segundo o seu escrito, na zona rural a unidade política natural primaria era a parroquia, postulando para ela o autogoberno en réxime de concello aberto. Este réxime debería estenderse a aquelas partes dos termos de vilas e cidades que formasen parroquias de caseo á parte. Pero as parroquias deberían formar mancomunidades, en xeral de extensión equivalente á dos municipios (cun mínimo de douscentos veciños), nas que cada unha delas contribuiría por avinza ou cota ós gastos da mancomunidade. As Mancomunidades estarían abertas á agregación ou segregación (co límite de que a segregación nunca debería deixar mancomunidade menor de cincocentos veciños) de Concellos ou Lugares, mediante manifestación de vontade das veciñanzas implicadas.

O SGM postulaba a desaparición das provincias e, consecuentemente, dos seus órganos. As competencias destes pasarían ó Poder Rexional, que debería exercerlas mediante delegacións nas comarcas que administrativamente determinase. Esta cuestión das comarcas es-

tá tratada moi torpemente. Por un lado, dise que o Poder Rexional debería recoñecer personalidade *oficial* a comarcas ou unións de comarcas, pero, por outro lado, insítese en que o tal réxime se limitase á execución dun “servicio público determinado”, o que non resulta de doada comprensión. Esta entidade consideraba beneficioso que a Lei Orgánica Municipal fose común para todo o Estado, sempre que posibilitase o réxime de Concello aberto e as mancomunidades de concellos nos termos xa expresados.

Respecto do goberno local, o SGM postulaba que nas cidades, vilas e mancomunidades aldeás de máis de seis mil habitantes existise unha dualidade de procedementos electivos e de órganos de goberno: o Concello, elixido por sufraxio individual, que se diferenciaría en Pleno e Comisión Permanente, e a Xunta, elixida por voto corporativo, con competencias reducidas ós presupostos, contas e empréstitos ou outras cargas graves. Así mesmo, a institucionalización do referéndum veciñal para certas iniciativas (non especificadas) do Concello, e especialmente cando se producise discrepancia entre este e a Xunta.

Por un lado, propuña un réxime de tutela polo Poder rexional para as entidades municipais que non acertasen a se gobernaren por si, e un réxime de recursos exclusivamente xudiciais contra os acordos de Concellos e Xuntas. O alcalde podería suspender cautelarmente os acordos duns e doutras; se a suspensión era ratificada pola *superioridade* (non especificada) en prazo perentorio abríriase a vía do contencioso; en caso contrario, o acordo adquiriría firmeza. A proposta do SGM remataba postulando un maior e máis variado patrimonio municipal (non di como) e municipalización de servizos, ou concesións, arrendos ou administración directa de explotacións, isto é, calquera cousa.

O proxecto do IEG (Base 4) afirmaba a autonomía municipal, á semellanza da rexional, coincidindo co SGM en considera-la parroquia como unidade natural e básica da poboación rural. Postulaba o recoñecemento das entidades locais menores e afirmaba a posibilidade de Mancomunidades, mesmo con municipios non galegos (Base 7, par. 2).

O Proxecto da FRG facía unha reserva de lei para a organización do réxime local, vinculando temporalmente a súa efectivización (na primeira lexislatura). As bases deste réxime habían se-la plena autonomía municipal, política, administrativa e económica; a personalidade xurídica da parroquia e a súa autonomía administrativa; e a representación propia das parroquias no Municipio, deixando na indefinición de se o Municipio se constituiría como mera mancomunidade parroquial ou se nos seus órganos rectores habería representantes directos dos veciños do municipio (art. 28).

O Proxecto da Comisión de Deputados das provincias galegas atribuíu á Rexión a lexislación e execución respecto do réxime municipal e división territorial, recoñecendo tamén a autonomía municipal e a personalidade da parroquia “na administración rural” (art. 9, a).

Volvendo ó Anteprojecto, á súa redacción presentouse unha emenda, subscrita por D. Ramón Ferreiro Lago, notario do Carballiño, que propoñía, cun certo regusto kelseniano, que a determinación “do ámbito de aplicación do Estatuto” sería o das distintas comarcas, que coas súas peculiaridades e características integran o territorio galego (evidentemente, Kelsen xa fuxira). A Comisión, que neste tema coma en case todos foi moi conservadora, non quixo “crear estatutariamente a comarca”, pero aproveitou a ocasión para que tampouco se lle reprochase que santificaba as provincias, “cando menos, tal e como estaban establecidas” (Dictame, p. 13), remitindo ás leis rexionais a decisión sobre a subsistencia, supresión ou transformación das provincias, como *organismos administrativos*, torpe expresión que nos libera de maior discusión da cuestión. Polo mesmo, rexeitou unha emenda de Joaquín Poza Juncal, deputado a Cortes por Pontevedra, que pretendía a atribución de personalidade xurídica á comarca. De tal xeito, só o proxecto do SGM, que para ben e para mal é o máis orixinal, ousou postula-lo recoñecemento da comarca (aínda que moi desafortunadamente, como xa se dixo).

Tamén rexeitou as emendas do Colexio Provincial do Secretariado de Lugo, do Partido Federal de Izquierda Gallega, de Santiago, e algunha outra que pretendían que se incluísen puntos relativos á elección de Concelleiros, designación de Alcaldes, nomeamento de Secre-

tarios municipais, réxime xurídico das disposicións locais e réxime administrativo das parroquias, aducindo que eran materia propia de leis de desenvolvemento do Estatuto.

Algún interese ten recolle-lo razoamento do Dictame da Comisión redactora para xustifica-la non consideración de certas emendas, avogando pola plena autonomía municipal e refugando un réxime de tutela que conduciría a unha centralización interior a Galicia, tan prexudicial coma a que se quería corrixir coa autonomía rexional. O caciquismo rural non derivaba, segundo a Comisión, da autonomía municipal, senón da súa carencia e da ausencia de democratización da vida municipal. Francamente curiosa, polo seu talante proudhoniano, foi a emenda presentada polo Partido Republicano Federal de Izquierda Gallega, de Santiago, que pretendía que se proclamase a parroquia autónoma con facultade para se federar en municipios, igualmente autónomos, estes en comarcas, tamén autónomas, e as comarcas na Rexión. No sentido oposto, Eugenio Vázquez Gundín presentou unha emenda, non admitida pola Comisión, que pedía a supresión do recoñecemento da personalidade xurídica á parroquia (cfr. Dictame, pp. 28-30).

En conclusión, o Proxecto definitivo di que o territorio de Galicia “é o dos municipios comprendidos dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra” (art. 1, par. 2) e que corresponde á Rexión Galega “a organización e réxime local de Galicia, sobre a base de plena autonomía do Municipio e recoñecemento de personalidade xurídica á parroquia rural, e a división do territorio para estes efectos” (art. 14, a).

A Administración de Xustiza.

O Anteproxecto establecía que “a Administración de Xustiza poderá ser organizada pola Rexión, excepto nas ordes militar e da Armada, conforme ós preceptos da Constitución e ás leis procesuais e orgánicas da República. O Poder rexional nomeará os Xuíces e Maxistrados en toda a xurisdicción de Galicia, mediante concursos entre os funcionarios do escalafón xeral do Es-

tado. Corresponderalle, así mesmo, o nomeamento de xuíces municipais e o de secretarios e auxiliares de toda orde da Administración de Xustiza, consonte coas leis do Estado" (art. 13).

Agás variantes non significativas de redacción, a novidade que introduciu o texto definitivo foi a inclusión da competencia de demarcación xudicial. Das 17 emendas formuladas a este artigo, só unha, presentada polo Partido Republicano Radical Socialista de Vigo mantíña un criterio contrario ó do Anteproxecto, postulando que a Administración de Xustiza dependese en tódalas súas ordes e graos do Poder central. Atendendo a emenda presentada polo notario do Carballiño, D. Ramón Ferreiro Lago, incluíuse no art. 13, para integrar nun só artigo todo o referente á Xustiza, a facultade de determina-las demarcacións xudiciais de toda orde que no Anteproxecto figuraba como alínea o) do art. 14 (cfr. Dictame, pp. 24-25).

Os votos particulares de Rodrigo Sanz e Montero Díaz e algunha emenda pretenderon a supresión do parágrafo segundo, relativo ó nomeamento de xuíces e outro persoal de Xustiza, criterio rexeitado pola comisión redactora, que aduciu a homoloxía co disposto para notarios e rexistradores, invocando o propósito de maximalizar, neste punto, as competencias autonómicas, nos límites constitucionais e políticos evidenciados na discusión do Estatuto catalán (Dictame, pp. 25-26).

En consecuencia, o texto definitivo foi: "A Administración de Xustiza poderá ser organizada pola Rexión, excepto nas ordes militar e da Armada, conforme ós preceptos da Constitución e ás leis procesuais e orgánicas da República; e, así mesmo, será da súa competencia a determinación das demarcacións xudiciais de toda orde dentro do territorio galego. A Rexión nomeará os Xuíces e Maxistrados en toda a xurisdicción de Galicia, mediante concursos entre os funcionarios do escalafón xeral do Estado. Correspóndelle tamén o nomeamento de xuíces municipais mediante o réxime que por unha lei se estableza, e o de secretarios e auxiliares da Administración de Xustiza, consonte ás leis da República (...)" (art. 13). 

Referencias

- CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, José L. (1991a), ed.: *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*. Ministerio para las Administraciones Públicas, Madrid.
- CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, José L. (1991b): "Sobre a potestade autonómica de autoorganización", in RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Xaime, ed.: *Estudios sobre o Estatuto Galego (X Aniversario da promulgación...)*, EGAP, Santiago, pp. 501-516.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, Eduardo (1983): *La ejecución autonómica de la legislación del Estado*, Ed. Civitas, Madrid.
- ROSE, Richard (1991): "Prime Ministers in Parliamentary Democracies", *West European Politics*, vol. 14, nº. 1 (*West European Prime Ministers*), F. Cass, London, pp. 9-24.
- ROVERSI MONACO, Fabio (1980): "Breves consideraciones sobre el Gobierno y la Administración en la Constitución española", in PREDIERI, Alberto e Eduardo GARCÍA DE ENTERRÍA, eds.: *La Constitución Española de 1978*, Civitas, Madrid, pp. 591-599.
- VILAS NOGUEIRA, J. (1975): *O Estatuto Galego*. Ed. do Ruciro, A Coruña.

Peter J.
Tettinger

Catedrático de Derecho
Administrativo de
la Universidad de Bóchum
(RFA).

Aspectos fundamentales de la estructura administrativa en el Estado federal alemán

Jornadas de Estudio sobre "Administración Única"
(Santiago de Compostela, 24 y 25 de septiembre de 1992)

¹ Véase por ejemplo A. Jiménez-Blanco/P.J. Tettinger Ed.), "Grundstrukturen der Energiewirtschaft in Spanien und in der Bundesrepublik Deutschland" (Estructuras fundamentales de la economía energética en España y en la República Federal de Alemania), cuaderno 3 de los "Bochumer Forschungsberichte zum Berg- und Energierecht", 1992. Véase dentro de poco también J.-C. Pielow, "Autonomía local in Spanien und kommunale Selbstverwaltung in Deutschland – Eine rechtsvergleichende Unter-

Estimadas señoras y señores:

Me alegro de tener la oportunidad, gracias a la invitación de la Escola Galega de Administración Pública, de poder hablar ante un círculo de tan alto rango de políticos y juristas especializados, sobre una temática que resulta de gran interés tanto en su país como en el mío. El diálogo de juristas hispano-alemán posee ya una considerable tradición y en la actualidad se encuentra en un momento de satisfactoria intensificación¹. Este diálogo se muestra extraordinariamente provechoso en lo que respecta a las cuestiones que tratan la relación entre las regiones, o Länder, y el estado conjunto, o central, desde que la Constitución española de 1978 eligió una opción organizativa de Estado con Comunidades Autónomas, un sistema "casi federal", que muestra en muchos aspectos vistosos paralelismos con el ordenamiento federativo de la República Federal.

La ciudad de Santiago de Compostela, con su lugar destacado en la historia europea, me parece un lugar ideal para estos debates que se están produciendo, especialmente –dicho sea de paso– también con vistas al proceso de unificación europeo (menciono solo la palabra clave “subsidiariedad” del Tratado de Maastricht). Precisamente parten de Galicia, –se registran con gran atención también en Alemania–, impulsos innovadores para el debate sobre la posición futura de las regiones, lo que ya fue puesto de manifiesto no sólo en la tan notable asamblea general de la Asociación de las Regiones de Europa (ARE) que tuvo lugar en julio de este año aquí en Santiago, sino también en el compromiso gallego con la “Liga de las Regiones Atlánticas”, y naturalmente también se ve claramente por el hecho de que la idea de Administración Unica, objeto de estas Jornadas, sea aparentemente de origen gallego.

De la propuesta de la pluma del presidente del Gobierno gallego saqué en conclusión, que hace muchas veces referencia a las relaciones en la República Federal. En interés pues de un debate objetivo, me parece indicado hablar más detalladamente sobre los aspectos fundamentales de la estructura administrativa federal alemana. En mi ponencia quisiera esbozar primera y ampliamente las líneas directrices dadas por la Ley Fundamental de Bonn para el reparto de las competencias administrativas entre el “Bund” o bien la “Federación” como estado global y los “Länder” alemanes como sus estados miembros y finalmente echar un vistazo a los conflictos salidos a la luz con ocasión del control de la utilización de la energía nuclear, porque de todo eso se pueden sacar conclusiones interesantes sobre el funcionamiento de este sistema.

suchung mit Blick auf Grundstrukturen und aktuelle Probleme”, tesis doctoral Bochum 1992. – Al señor Dr. Pielow le agradezco al mismo tiempo su apoyo en la elaboración de esta ponencia.

I. El reparto de las competencias administrativas entre la Federación y los Länder en la Ley Fundamental de Bonn.

Un elemento esencial del sistema del estado federal alemán concebido por la Ley Fundamental es en primer lugar que los Länder alemanes poseen propia cualidad de Estado y por consiguiente ejercen poder estatal. Por esta razón la Constitución del estado federal tenía que compartir las competencias para el ejercicio del poder público entre la Federación y los Länder. De esto trata el ordenamiento competencial de la Ley Fundamental, que en su artículo 30 parte principalmente de la competencia de los Länder. Esta disposición principal reza así:

“El ejercicio de los poderes públicos y el cumplimiento de las funciones públicas competen a los Länder en tanto que la presente Ley Fundamental no dicte o admita una disposición en contrario”.

